

# A historia de Mary Prince

Mary Prince

Tradución de María Reimóndez Meilán



A HISTORIA DE MARY PRINCE, UNHA ESCRAVA DAS INDIAS  
OCCIDENTAIS, CONTADA POR ELA MESMA

CUN ANEXO DO EDITOR

"Polos nosos sufrimentos, dende que vós nos trouxestes  
Ao mercado que degrada á persoa,  
Todo o mantén a paciencia, e ensinounos  
Só co corazón roto,  
Que non se considere máis a nosa unha nación de brutos,  
Ata que se atope algunha razón  
Que se considere digna e máis forte  
Ca cor da nosa pel".  
COWPER.

LONDRES:  
PUBLICADO POR F. WESTLEY E A. H. DAVIS,  
STATIONERS' HALL COURT;  
E POR WAUGH & INNES, EDIMBURGO.  
1831.

## PREFACIO.

A idea de escribir a historia de Mary Prince foi suxerida primeiramente por ela mesma. Desexaba que tal se fixese, dixo, para que a xente de boa vontade de Inglaterra soubese dunha escrava o que sentía e sufría unha escrava, e unha carta do seu antigo amo, que se atopará no anexo, animoume a acceder ao seu desexo sen máis dilación. O obxecto máis inmediato da publicación aparecerá máis adiante.

A narración foi recollida de boca de Mary por unha dama que casualmente se atopaba naquel momento de visita residindo coa miña familia. Escribiuse na súa totalidade, coas repeticións e locuacidade da narradora, e logo foise pulindo ata a súa forma actual, mantendo, na medida do posible, as expresións exactas e a peculiar fraseoloxía de Mary. Non se omitiu feito de importancia ningún, e non se engadiu nin unha circunstancia ou sentimento. É basicamente a súa, sen ningunha alteración material máis que as requiridas para eliminar redundancias e erros gramaticais graves, para facela intelixible claramente.

Despois de que se escribise deste xeito, volvína ler, examinando con coidado cada feito e circunstancia que se detallaba e en todo o que se refire á súa estadía en Antiga, tiven a vantaxe de que me axudase na esculca o señor Joseph Phillips, que como residente desa colonia durante o mesmo período a coñecera alí.

Os nomes de todas as persoas que menciona a narradora preséntanse completos, exceptuando os do Capítulo I ---- e a súa muller, e o do señor D----, a quen se lles adscribe unha conduta de especial atrocidade. Estas tres persoas xa non están entre nós para poder dar conta, ante un tribunal máis terrible có da opinión pública, dos feitos dos que a súa antiga serva os acusa. Expoñelas de forma máis evidente á reprobación pública non lles podería xa afectar, mais si lacerar fondamente os sentimentos da parentela que os sobreviviu e que se cadra for inocente, sen ningunha vantaxe pública significativa.

Sen entreter a quen lea con outras consideracións sobre outros asuntos que se mencionarán de xeito máis conveniente no anexo, simplemente mencionarei aquí que a Sociedade contra a Escravitude non ten ningunha relación con esta publicación nin son en ningún xeito responsables das declaracións que contén. Publiquei este texto non como o seu Secretario, senón como particular, e calquera beneficio que se derive da venda será proporcionado de xeito exclusivo á propia Mary Prince.

THO. PRINGLE.

7, Solly Terrace, Claremont Square,  
25 de xaneiro de 1831.

## A HISTORIA DE MARY PRINCE, UNHA ESCRAVA DAS INDIAS OCCIDENTAIS (Contada por ela mesma.)

Nacín en Brakish-Pond, nas Bermudas, nunha facenda que pertencía ao señor Charles Myners. Miña mai era unha escrava doméstica, e o meu pai, que se apelidaba Prince, era un carpinteiro que pertencía ao señor Trimmingham, un estaleiro de Crow-Lane. Cando era unha meniña, o vello señor Myners morreu e fíxose unha partilla de escravas e escravos e outras propiedades entre a familia. A min e miña mai mercounos o vello Capitán Darrel e deunos á súa neta, a señorita Betsey Williams. O Capitán Williams, o xenro do señor Darrel, era o patrón dun barco que comerciaba con diferentes lugares de América e das Indias Occidentais e case nunca paraba moito tempo na casa.

A señora Williams era unha muller de bo corazón e trataba ben a todas as súas escravas. Tiña unha filla única, a señorita Betsey, para quen me mercaran, e que era máis ou menos do meu tempo. A señorita Betsey dábame moitos mecos e eu quería moitísimo. Adoitaba levarme da man e chamarme a súa negriña. Esta foi a época máis feliz da miña vida, porque aínda era demasiado nova para entender ben que era unha escrava e era inconsciente e animosa como para agardar os días de suor e bágoas.

A miña mai era unha escrava doméstica da mesma familia. Estaba ao seu coidado e os meus irmáns e irmás pequenas eran con quen xogaba e quen me facían compañía. A miña mai tivo varias crianzas fermosas despois de chegar cas da señora Williams, tres nenas e dous nenos. As tarefas que se nos encomendaban ás nenas e nenos eran lixeiras, e adoitabamos xogar coa señorita Betsey con tanta liberdade como se fose a nosa irmá.

Pola contra, o meu amo era un home moi brusco e egoísta, sempre se temía o seu regreso do mar. A súa propia muller tíñalle abondo medo e, durante a súa estadía na casa, rara vez ousaba amosar a súa habitual amabilidade coas escravas. El adoitaba deixala, mesmo nas circunstancias máis adversas, para gozar da compañía doutras mulleres nun lugar das Indias Occidentais do que non lembro o nome. A miña pobre ama aturaba o desdén con grande paciencia e todas as súas escravas a queríamos e nos compadeciamos dela. Eu sentíame moi unida a ela, e, xunto coa miña mai, quería máis que a nada do mundo. A miña obediencia ás súas ordes viña sempre con alegría, xurdía

só do afecto que lle profesaba, e non por medo do poder que a lei das persoas brancas lle dera para mandar en min.

Acababa de facer os doce anos cando a miña ama chegou a un estado de pobreza tal que xa non podía manternos a tantas na casa así que me alugou á señora Pruden, unha dona que vivía a unhas cinco millas, na parroquia do lado, nunha casa grande a carón do mar. Chorei amargamente cando me despedín da miña querida ama e da señorita Betsey, e cando biquei a miña mai e irmáns e irmás pensei que me ía estoupar o corazón, da dor que sentía. Pero non había saída: tiña que marchar. A boa da señora Williams confortoume dicindo que ía ficar preto da casa que estaba para deixar e que podía vila ver a ela e á miña familia cando a señora Pruden me dese permiso. Unhas horas despois disto leváronme a unha casa descoñecida e atopeime entre xente descoñecida. Esta separación pareceume unha proba dolorosa naquel momento pero ai! leve foi, leve foi en comparación coas probas que dende aquela tiven que superar! Nada foi, nada teño que dicir desas persoas, aínda que daquelas era unha nena e vía as cousas segundo as miñas capacidades.

Sabía que a señora Williams non me podía manter, que tiña que deixarme ir para que me puidesen dar comida e vestido, e tentei adaptarme ao cambio. A miña nova ama era unha muller irascible, pero aínda así non me trataba mal. Non lembro que me batese excepto unha vez, e foi porque fun ver á señora Williams candoouben que se puxera enferma e fiquei máis do que ela me permitira. O meu único traballo naquel momento era atender un meniño, o pequeno amo Daniel, e acaboume gustando tanto atendelo que a miña maior ledicia era sacalo pasear pola beira do mar, acompañado do seu irmán e irmá, a señorita Fanny e o amo James... A miña querida señorita Fanny! Era unha mocíña doce e amable e tíñame tanto cariño que quería que aprendese o que ela mesma sabía, así que o seu método de ensinarme era o seguinte: en canto remataba de darlle a lección á avoa viña correndo ata onde estaba eu e facíame repetir as leccións unha a unha despois dela e nuns cantos meses fun capaz non só de ler o alfabeto senón tamén palabras pequenas. Pero este estado de felicidade non había durar moito. Eran días demasiado agradables para durar. O meu corazón amolece sempre que penso neles.

Nese momento morreu a señora Williams. Faláronme de repente do seu pasamento e a miña dor foi tan fonda que, esquecendo que tiña o meniño en brazos, corrín cara á casa

da miña pobre ama, mais só cheguei alá para ver como levaban o corpo. Ai! foi un día de dor, un día aciago! Choramos todas as escravas. A miña mai chorou e lamentou a súa dó e eu (parva de min!) pregáballes en van que devolvesen á vida a miña querida ama. Nada sabía eu da morte naquel momento e parecíame difícil de aturar. Cando pensaba na miña ama sentía como se o mundo andase torto e durante moitos días e semanas non puideron pensar noutra cousa. Regresei cas da señora Pruden pero a miña pena era demasiado fonda para atopar conforto, porque a miña querida ama estaba sempre no meu pensar. Na casa ou fóra, os meus pensamentos non deixaban de falar-me dela.

Quedei na casa da señora Pruden uns tres meses despois daquelo e logo mandáronme de volta á do señor Williams para que me vendesen. Ai, foi ese un momento triste, triste en verdade! Recordo aquel día perfectamente. A señora Pruden achegouseme e díxome: -Mary, vas ter que ir á casa axiña, o teu amo vai casar e quere vendervos a ti e a dúas das túas irmás para sacar cartos para a voda.

Ao oír tal boteime a chorar, mesmo se daquela non era de todo consciente da totalidade da desgraza ou do sufrimento que me agardaba. Ademais, non quería deixar a señora Pruden e o bebiño que tanto se encariñara comigo. Durante un tempo case non dei creto ao que me dixera a señora Pruden e pensaba que non era en serio ata que recibín as ordes do meu retorno inmediato... A miña querida señorita Fanny! Como choraba cando se despediu de min, mentres eu bicaba e apertaba o meniño, pensando que non o había ver de novo. Deixei a da señora Pruden e camiñei ata a casa co corazón apesarado. A idea de que me vendesen e me separasen da miña mai e da señorita Betsey daba tanto medo que non tiña azos nin para pensalo. Como xa comentei, o avó da señorita Betsey mercáranos ao señor Myners e déranos a ela, así que por dereito eramos propiedade súa e nunca pensara que nos separarían ou que nos venderían a alguén que non fose ela.

Cando cheguei á casa, fun directamente á señorita Betsey. Atopeina nunha grande aflición, e berrou en canto me viu:

-Ai, Mary! O meu pai vaivos vender para sacar cartos para casar con esa infame. Sodes da miña pertenza, non ten dereito de vendervos, pero faino todo para agradala.

Logo contoume que miña mai estaba coa irmá do seu pai nunha casa próxima e fun a ver. Foi un encontro pesaroso e lamentámonos con pranto fondo e doloroso a nosa desafortunada situación.

-Aquí vén unha das miñas pobres pícaras! –dixo en canto entrei-, unha das pobres fillas de escrava que han vender mañá.

Oh meu Deus! Non aturo lembrar aquel día, é demasiado. Vólveme a grandísima mágoa que encheu o meu corazón e os pensamentos terribles que me pasaron pola cabeza mentres escoitaba as tristes palabras da miña mai, a chorar pola perda das súas fillas. Oxalá dese atopado as palabras para relatar todo o que sentín e sufrín. Só o Deus que está no ceo sabe dos pensamentos do corazón dunha pobre escrava e as dores amargas que seguen a estas separacións. Todo o que amamos se nos arrebatou. Oh, é triste, tan triste! Doe ter nacido! Non dei durmido aquela noite pensando no mañá e a miña querida señorita Betsey estaba igualmente desacougada. Non podía aturar despedirse das súas antigas compañeiras de xogos e chorou a rabiar e non houbo quen a acougase.

Alá chegou a negra mañá finalmente, ben axiña chegou para a miña pobre mai e para nós. Mentres que nos puña os traxes novos de tea de saco nos que se nos ía vender, díxome con voz doída (non o esquecerei nunca!):

-Ollade, teño que *amortallar* as miñas pequenas, que labor é este para unha mai!.

Logo chamou á señorita Betsey para que se despedise de nós.

-Vou levar as miñas pequenas como pitiños ao mercado- (estas foron as súas palabras)- bótelles unha última ollada, pode que non as vexa nunca máis.

-Ai, miñas pobres escravas! As miñas propias escravas! –dixo a nosa querida señorita Betsey- pertencédesme e párteme a alma desfacerme de vós.

A señorita Betsey bicounos e logo marchou, a miña mai chamou ao resto de escravos e escravas para que se despedisen de nós. Unha delas, unha muller chamada Moll, viña coa súa meniña no colo:

-Ai! –dixo miña mai, ao vela dar a volta e mirar á meniña con bágoas nos ollos- ti has ser a seguinte.

As escravas non podían dicir nada para nos confortar, nada máis eran quen de chorar e lamentarse connosco. Cando deixei os meus tan queridos irmáns pequenos e a casa na que me criaran pensei que me ía estourar o corazón.



Nosa mai, saloucando tal cal ía, chamounos a min e ás pequenas Hannah e Dinah e collemos a estrada que ía cara a Hamble Town, a onde chegamos sobre as catro da tarde. Seguimos a miña mai ata o mercado, onde nos puxo en fila contra unha casa moi grande, coas costas cara á parede e os brazos cruzados enriba do peito. Eu, a maior, estaba de primeira, ao meu carón estaba Hannah e logo Dinah mentres que nosa mai ficaba de pé ao noso carón e choraba por nós. O meu corazón latexaba de amargura e terror con tanta forza que puxen as mans con grande presión contra o peito pero non o dei acalmado e seguiu saltando como se me fose saír do corpo. Pero a quen lle importaba todo isto? Algunha das persoas que andaban por alí e que nos observaban con tanto desleixo pensou na dor que enchía os corazóns daquela muller negra e as súas pequenas? Non, non! Non todas eran malas persoas, diría eu, pero a escravitude endurece os corazóns da xente branca cara aos negros e moitos tampouco se retraían de facer os seus comentarios sobre nós en voz alta, sen consideración da nosa dor... mesmo se as súas descoidadas palabras caían como Caiena na ferida aberta dos nosos corazóns. Oh, esas xentes brancas teñen corazóns pequenos que só se preocupan por eles mesmos.

Finalmente o encargado da poxa, que nos ía poñer á venda como ovellas ou vacas, chegou e preguntoulle á miña mai cal era a maior. Ela non dixo nada pero sinaloume. Colleume da man e levoume ao medio da rúa, despois deume a volta paseniño para expoñerme á vista dos que asistían á poxa. Axiña me vin rodeada de homes descoñecidos que me examinaban e tocaban da mesma maneira que un carnicero faría cun xato ou un cordeiro que estaba a piques de mercar, e falaban da miña forma e tamaño con iguais palabras, como se eu non puidese entender o seu significado máis que unha besta muda. Logo saín á venda. A poxa comezou cunhas cantas libras e axiña foi aumentando a cincuenta e sete<sup>1</sup>, e aí se me deu ao poxador gañador e a xente que me arroteaba dixo que chegara a un prezo ben alto para unha escrava tan nova.

Logo vin como traían ás miñas irmás e as vendían a diferentes donos así que nin tiñamos a triste satisfacción de ficar unidas na escravitude. Cando rematou a venda, a miña mai abrazounos e bicounos e laiouse de nós, pregándonos que mantivésemos bo ánimo e que fixésemos a nosa obriga como ditasen os nosos novos amos. Foi unha

---

<sup>1</sup> Moeda de Bermuda, sobre unhas 38 libras esterlinas.

despedida triste: unha foi para un lado, a outra para outro, e a nosa pobre mamá foi para a casa sen nada<sup>2</sup>.

O meu novo amo era o Capitán I----, que vivía en Spanish Point. Despois de despedirme da miña mai e irmás seguino ata a súa tenda e deixoume ao cargo do seu fillo, un rapaz por aí do meu tempo, o amo Benjy, que me levou á miña nova casa. Non sabía onde ía ou que faría de min o amo. Levaba o corazón roto de dor e os meus pensamentos regresaban seguido a aquelas de quen con tanta brusquidade me separaran:

-Ai, miña mai! Miña maiciña! –dicíame unha e outra vez- Ai, miña mamá, miñas irmás e meus irmáns, nunca máis vos hei de ver!

Ai, que sufrimentos! que sufrimentos! Fan que as bágoas me veñan aos ollos cando penso nos días en que estaba tan aflixida... tempos que marcharon, cando carpía e me laiaba cun corazón aínda novo por aquelas a quen quería.

Era de noite cando cheguei ao meu novo fogar. A casa era ampla, e construída ao pé dun outeiro ben alto aínda que esa noite non o vin moito. Agora ben, ver vino abondo de

---

<sup>2</sup> Pregamos que quen lea compare esta descrición sentida, tirada da boca desta muller negra, coa seguinte descrición da poxa de escravos no Cabo de Boa Esperanza, publicada por min mesmo no 1826, dunha carta a un amigo; veranse as semellanzas e varias circunstancias características. A semellanza explícase con facilidade: a escravitude, acontece onde acontece, produce efectos semellantes: “Ao oír que había unha venda de gando, apeiros e demais por poxa nunha localidade próxima a Veld-Cornet paramos a nosa carruaxe un día para mercar un par de bois novos. Entre o gando da facenda que se vendía estaba unha escrava e as súas tres crianzas. As dúas maiores eran nenas, una duns trece anos e a outra duns once; o máis novo era un neno. Exhibiuse toda a familia xunta pero vendíana por separado e a diferentes compradores. Os labregos examináronas como terían feito cunha cabeza de gando. Mentres acontecía a venda, a mai e as crianzas eran exhibidas nunha mesa de xeito que se visen ben, dado que había moita xente. Non tería habido tema máis axeitado para un pintor de talento ca este infeliz grupo. As bágoas, a ansiedade, a anguria da mai ao atoparse coa ollada da multitude, ao mirar os diferentes xestos dos poxadores ou ao botar unha ollada que partía o corazón ás súas crianzas, e a simpleza e conmovedor sufrimento das crianzas ao aferrarse á súa ausente mai, fregando os ollos, medio agochando a cara, contrastaba coa marcada insensibilidade e xesticulacións do público e compradores: todo isto falaba por si só de xeito perturbador da miseria da escravitude e os seus efectos abaixadores no corazón de quen a apoia. Mentres que a muller se atopaba en tal situación de desacougo e sufrimento preguntábanlle: “Sabes dar de comer ás ovellas?” A súa resposta era tan inaudible que non cheguei a saber cal era, pero fora seguramente negativa porque o comprador retrousou, en voz alta e ruda: “Xa che ensinarei eu co sjamboc” (un látigo de peles de rinoceronte). A mai e as súas tres crianzas foron vendidas a tres compradores diferentes e foron literalmente arrincadas as unhas das outras.”. NdE

alá en diante. As pedras e a madeira eran o mellor que tiña a casa, non eran tan duras como o corazón dos seus donos<sup>3</sup>.

Antes de que entrase na casa dúas escravas, alugadas doutro amo, que estaban traballando na aira, faláronme e preguntáronme a quen pertencía. Contestei:

-Veño vivir aquí.

-Pobre pequena, pobre pequena! –dixeron ambas- has de ter bos azos para vivir aquí.

Cando entrei fiquei de pé chorando nunha esquina. A señora I---- veu e quitoume o chapeu, un pequeno de seda que me fixera a señora Pruden, e dixo nunha voz brusca:

-Non te trouxeron para que ficasas de pé nas esquinas chorando, viñeches para traballar.

Logo púxome un neno no colo e, cansa como estaba, obrigáronme inmediatamente a volver ao meu antigo traballo de aia... Non era quen de lle mirar á ama, o seu xesto era tan serio. Era unha muller forte e alta cunha pel moi escura e tiña as cellas xuntas no medio por ter o nariz engurrado. Pensei nas palabras das dúas escravas cando vin á señora I---- e escoitei o son áspero da súa voz.

A persoa na que me fixei máis aquela noite foi unha negra francesa chamada Hetty, que o meu amo apreixara doutro barco cando andaba de corsario e fixéraa a súa escrava. Era a muller máis activa que vira nunca e sobrecargábana de traballo o indíxible. Uns minutos despois da miña chegada entrou de muxir as vacas e puxo as patacas doces para a cea. Logo foi arrombar as ovellas e meteunas no curro, conduciu as vacas á casa e meteunas no cortello que estaba a carón da lagoa<sup>4</sup>; deulle de comer e peiteou o cabalo do amo e alimentou o porco e a vaca de carne<sup>5</sup>; preparou as camas e espiu ás crianzas e púxoas a durmir. Gustábame observala e ver todo o que facía, porque a súa foi a única cara amable que vira ata daquela e sentínme contenta de que estivese alá. Deume a miña cea de patacas e leite e unha manta sobre a cal durmir, que puxo no espazo que ficaba diante da porta do cuarto da señora I----.

---

<sup>3</sup> Estas fortes expresións e outras de semellante tipo nesta pequena narración foron proferidas verbatim por Mary Prince. NdE

<sup>4</sup> O gando nas plantacións pequenas das Bermudas semella estar prendido tanto de día como de noite se abunda a herba.

<sup>5</sup> A vaca que se ceba para sacrificala.

Aquela noite levei un susto ben triste. Estaba a piques de durmir cando oín un ruído no cuarto da ama e naquel momento berrou para preguntar se estaba feito un traballo que lle ordenara a Hetty.

-Non, señora, aínda non –contestou Hetty dende abaixo.

Ao oír tal, o amo ergueuse da cama e así como estaba, en camisa, correu escaleiras abaixo cunha longa pel de vaca<sup>6</sup> na man. Xusto despois oín o estarricar do látigo e a casa encherse cos berros da pobre Hetty, que seguía gritando:

-Oh, amo! Amo! Eu morrer! Amo! Teña compaixón de min, non me mate sen máis. Foi un comezo triste para min. Sentei na manta, tremendo de terror, coma un can asustado, pensando que logo me había de tocar a min. Ao cabo a casa quedou en silencio e esquecín durante un anaco todas as miñas penas ao quedar durmida profundamente.

A mañá seguinte a miña ama púxose a darme instrucións sobre as miñas tarefas. Ensinoume a facer todo tipo de cousas do traballo doméstico: lavar e cocer, recoller algodón e la, fregar o chan, cociñar. E ensinoume (como podería esquecelo!) máis cousas ca estas, fixo que aprendese exactamente a diferenza entre o proer da corda, o vergallo do carro e a pel de vaca cando se aplicaban ao meu corpo espido pola súa cruel man. E case non había castigo peor que as labazadas que recibía na cara e na cabeza do seu puño duro e pesado. Era unha muller aterradora e salvaxe coas escravas.

Na casa había dous nenos escravos cos que daba renda solta ao seu mal humor de xeito especial. Un deses nenos era mulato, chamábase Cyrus e mercáranlo cando era un meniño e aínda non deixara os brazos da súa mai. O outro, Jack, era africano da costa de Guinea e un mariñeiro dérallo ou vendérallo ao meu amo. Rara vez pasaba un día en que estes nenos non recibisen o trato máis severo e moi a miúdo sen merecelo en absoluto. Tanto o amo como a ama semellaban pensar que tiñan dereito de maltratalos ao seu pracer e moitas veces acompañaban as súas ordes con labazadas, daba igual se os nenos se comportaban ben ou mal. Téñolles visto a pel esgazada e en carne viva dos golpes. Bate por aquí, bate por alá, nunca estaban un minuto a salvo dun golpe e as súas vidas transcorrían en medo constante. A miña ama non lle chegaba con usar o látigo senón que a miúdo lles beliscaba as meixelas e os brazos do xeito máis cruel. A miña

---

<sup>6</sup> Un látigo de pel dura e retorcida, coñecida con este nome nas Indias Occidentais.

mágoa por aqueles pobres nenos axiña a transferín a min mesma porque os seus dedos sen compaixón axiña me pegaron, fustrigaron e beliscaron no pescozo e brazos, igual ca a eles. Mesmo pola ofensa máis leve o castigo habitual era deixarme espida, pendurarme polos pulsos e abrirme en carne viva coa pel de vaca. A miña ama moitas veces me deixaba sen o tempo que lle corresponde ao sono. Adoitaba ficar esperta ata bastante tarde, a miúdo mesmo ata a madrugada, e eu tiña que estar de pé nun banco e lavar durante grande parte da noite, ou recoller la e algodón, e moitas veces teño caído de sono e fatiga, ata que me espertou do sopor o látego para obrigarme a poñerme coas miñas tarefas.

A pobre Hetty, a miña compañeira escrava, era moi boa comigo e adoitaba chamarlle a miña tía, pero levaba unha vida ben arrastrada e a súa morte viuse acelerada (polo menos todas as escravas crían e dicían tal) polos terribles castigos que recibiu por parte do amo durante o seu embarazo. Aconteceu o seguinte. Unha das vacas turrara da corda e desengancháara do poste ao que a atara Hetty, quedando ceiba. O amo púxose coma un tolo e deu orde de que deixasen case espida á pobre muller, sen ter en conta o seu embarazo, e que a atasen a unha árbore da aira. Logo fustrigouna con toda a forza que lle tiña, tanto co látego como coa pel de vaca ata que quedou toda cuberta de sangue. El colleu un descanso e logo comezou de novo a bater nela unha e outra vez. Os seus berros eran terribles. A consecuencia foi que a pobre Hetty se puxo de parto antes de tempo e, despois dun parto laborioso, deu a luz a unha meniña morta. Parecía que se recuperara despois do período de descanso, ata o punto de que a volveron fustrigar tanto o amo como a ama a partir de entón, pero nunca lle volveu a súa forza de antes. O seu corpo largo e as súas extremidades estaban moi inchadas e deitábase nun felpudo na cociña, ata que a auga estouroulle do corpo para fóra e morreu. Todas as escravas dixeran que a morte fora boa cousa para a pobre da Hetty, pero eu moito chorei pola súa morte. O xeito en que morreu encheume de pavor. Non podía aturar pensalo aínda que sempre o tiña presente e aínda me durou un tempo.

Despois de morrer Hetty caéronme a min todas as súas tarefas, ademais das miñas. Agora tiña que muxir once vacas cada mañá antes do amencer, sentada entre a herba mollada; tiña que encargarme do gando ademais das crianzas e facer todo o traballo da casa. Non había fin para os meus traballiños, nin fin para as labazadas. Deitábame xa de

noite e erguíame pola mañá con medo e angustia e moitas veces desexaba que como a pobre Hetty eu tamén puidese escapar desta escravitude cruel e descansar na miña tumba. Pero a man de Deus, que eu daquela descoñecía, estaba tendida sobre min e reservoume pola súa graza para cousas mellores. Aínda ben, daquela o meu destino era levar a pesada carga de chorar, chorar, chorar e así durante anos, de pasar dunha desgraza a outra, e dun amo cruel a outro peor. Pero debo seguir co fío da historia.

Un día caeu unha bafarada de vento e choiva de socate e a ama mandoume ao bico da casa para baleirar unha vasilla de barro. A vasilla xa tiña algunha fenda vella que a dividía pola metade e ao darlle a volta para baleirala, partíume na man. Non puíden evitar o accidente, pero entroume un medo atroz ao anticipar o grave castigo. Corrí chorando á ama:

-Ama, oh, ama, a vasilla rompeu en dous.

-Romperíala ti, non? –contestou- Vén aquí agora mesmo.

Achegueime tremelicando. Quitoume a roupa e fustrigoume durante longo tempo e con dureza coa pel de vaca, fustrigoume tanto tempo como tivo forza para usar o látigo, porque non o deixou ata que estivo abondo cansa... Cando chegou o home esa noite contoulle a miña falta e oh, Deus todopoderoso! como comezou a xurar. Despois de chamarme todos os nomes que se lle ocorreron (cousas demasiado feas para dicir en Inglaterra) e despois de darme varias labazadas fortes coa man, dixo:

-Hei vir mañá pola mañá ás doce para darche cen lategazos.

E cumpriu a súa palabra... para a miña desolación! Non poderei esquecerlo facilmente. Atoume a unha escada e deume cen lategazos coa súa propia man, e o amo Benjy estaba de pé ao carón para contarllos. Cando me batera un tempo sentou para recuperar o bafo, despois de descansar bateume unha e outra vez ata que ficou canso abondo e tan abafado (porque o tempo estaba de calmizo) que sentou na cadeira, como se fose esvaecer. Mentres a ama lle ía buscar algo de beber houbo un terremoto terrible. Caeu parte do tellado e alá foi todo o que había na casa choqueleando, choqueleando. Ai, pensei que chegara a fin e tiña tanta dor dos lategazos que tanto me daba vivir ou morrer. A terra rouquellaba e tremía, todo andaba aos tombos e a miña ama e as escravas berraban e gritaban: “Un terremoto! Un terremoto!”. Foi un día terrible para todo o mundo.

Nesa confusión agatuñei e funme deitar baixo os chanzos do soportal, na parte de diante da casa. Estaba nun estado terrible, tiña todo o corpo cuberto de sangue e morados e non podía evitar laiar lamentablemente. As outras escravas, cando me viron, abanearon a cabeza e dixeron: “miña pobre, miña pobre!” e alá fíquei ata a mañá, sen que me importase o que pasase porque a vida latexaba con tan pouca forza en min que desexaba máis que nunca morrer. Pero cando somos moi novas a morte semella sempre estar moi lonxe e esa noite non me sobreveu. A mañá seguinte o meu amo obrigoume a erguerme e facer o meu traballo habitual, aínda que tiña o corpo e as extremidades tesas e doridas, de xeito que non me podía mover sen que me doese todo un mundo. Aínda así, mesmo despois deste castigo severo, non foi a última vez que se mencionou a vasilla, a ama sempre mo estaba botando en cara.

Pouco tempo despois disto, unha das vacas ceibouse do poste e comeu unhas patacas doces. Eu andaba muxindo cando o meu amo o descubriu. Achegouseme e sen máis, inclinouse e sacando a bota deume tal golpe nos cadrís que berrei de agonía e pensei que me matara e ata o día de hoxe aínda noto a debilidade nesa parte do corpo. A vaca asustouse ante a súa violencia e deulle un couce ao caldeiro e deitou o leite polo chan. O amo sabía que o accidente era culpa súa pero estaba tan encabuxado que parecía que lle acaía ben ter unha escusa máis para maltratarme. Non lembro cantos golpes me deu daquela pero bateu en min ata que non me tiña de pé e ata que el mesmo cansou.

Despois disto escapei e fun ver a miña mai, que vivía co señor Richard Darrel. A miña pobre mai estaba contenta e triste de verme; triste por ver como me maltrataran e contenta porque non me vira en moito, moito tempo. Non se atreveu a acollerme na casa pero agochoume nunha cova que había nunhas rochas próximas e tróuxome comida pola noite, despois de que todo o mundo fose durmir. O meu pai, que vivía en Crow-Lane, ao outro lado da canle de auga salgada, á fin soubo que estaba agochada na cova e veu e levoume de volta co meu amo. Resistinme, vaia se me resistín a volver, pero non había xeito, estaba obrigada a ceder.

Cando cheguei á casa, o meu pobre pai díxolle ao Capitán I----:

-Señor, síntolle tanto que a miña filla se vise na obriga de escapar do seu amo, pero o trato que recibiu abonda para romperlle o corazón. Verlle as feridas case rompe o meu...

Píddolle, polo amor de Deus, que lle perdoe que escapase e que sexa bo amo con ela no futuro.

O Capitán I---- dixo que eu levara o que merecera e que tiñan que castigarme por fuxir. Eu atopei coraxe e díxenlle que non podía aturar os lategazos máis, que estaba farta da vida e que por iso escapara onda miña mai, pero ás mais non lles queda máis remedio que chorar e facer loito polas súas fillas, non podían salvarlas de amos crueis, do látego, da corda e a pel de vaca. Díxome que me puxese calada e que volveuse ao traballo ou que atoparía o xeito de dar-me a que merecía. Aínda así, ese día non me frustrigou.

Permanecín nesa casa durante cinco anos e case a diario recibín o mesmo trato sen piedade. Ao final o amo púxome nun balandro e para a miña grande ledicia envioume ás Illas Turcas. Non se me permitiu ver a miña mai ou ao meu pai, ou ás miñas pobres irmás e irmáns para despedirme, aínda que marchaba a unha terra descoñecida e se cadra non os había ver de novo. Ai, a xente Buckra ten escravas e escravos e pensan que as persoas negras somos coma gando, que non sentimos afecto. Pero o meu corazón dime o contrario.

Levabamos case catro semanas de viaxe, o cal era un tempo fóra do normal. Algunhas veces viña unha brisa lixeira, outras veces había grande calma, e o barco non avanzaba, así que as provisións e a auga comezaron a escasear e reducíronnos a ración. Houben morrer de fame, se non fose pola amabilidade dun home negro chamado Anthony e a súa muller, que trouxeran as súas propias vituallas e que as compartiron comigo.

Cando chegamos a terra, á Grand Quay, o capitán envioume á casa do meu novo amo, o señor D----, a quen me vendera o capitán I----. Grand Quay é unha vila que se instala sobre un banco de area, as casas son baixas e están feitas de madeira. Como a do meu novo amo. A primeira persoa que vin á miña chegada foi o señor D----, un home forte e retorto que me levou pola entrada para amosarme a súa muller e crianzas. O día seguinte leváronme ao poxador para saber o meu valor e valoráronme en cen libras.

O meu novo amo era un dos donos ou concesionarios de salinas e recibía unha certa cantidade de cartos por cada escrava ou escravo que traballase no seu negocio, fosen persoas novas ou maiores. Esta cantidade dábanlla segundo o beneficio que tiraba das salinas. Mandáronme de inmediato traballar na auga salgada co resto de escravas e



escravos. O traballo era totalmente novo para min. Déronme medio caldeiro e unha pa e tiveron que poñerme coa auga ata os xeonllos dende as catro da mañá ata as nove, cando se nos daba algo de millo cocido, que nos obrigaban a tragar o máis axiña posible por medo a que chovese e se derretese o sal. Logo volvíannos chamar facer o noso traballo e traballabamos nas horas máis quentes do día, o sol alampaba por riba das nosas cabezas coma o lume, e saíannos bochas polo sal naquelas partes do corpo que non levabamos cubertas de todo. De estar de pé na auga tantas horas tiñamos os pés e as pernas cheas de bochas que de cando en vez chegaban ata o óso, afectando a quen as padecía cun grande tormento. Volviamos á casa ás doce, comiamos sopa de millo chamada *bawly* e tan rápido como podiamos volviamos ao traballo ata a noite pecha. Logo tiñamos que botar con pas o sal en moreas enormes e baixabamos ao mar, onde lavabamos o salitre de brazos e pernas e lavabamos as carretillas e pas do sal. Cando regresabamos á casa o noso amo dábanos a cada quen a nosa ración de millo, que moiámos nun morteiro e cociamos en auga para cear.

Durmiamos nun alpendre longo, dividido en compartimentos estreitos, como os cortellos que había para o gando. Eran nada máis táboas fixadas a postes que estaban directamente cravados na terra, non había nin esteira nin con que taparse, iso eran as nosas camas. Os domingos, despois de lavar os sacos de sal e despois de facer calquera outro traballo que se necesitase, íamos ao monte e cortabamos herba mol e alta da que faciamos feixes para descansar os pés e as pernas porque tiñamos tales bochas polo sal que non podiamos aturar descansar sobre as táboas sen máis.

Malia a traballarmos da mañá á noite, non había forma de satisfacer ao señor D----. Eu agardaba, cando deixei ao capitán I----, que me fose mellor, pero descubrín que ía dun carniceiro a outro. Había pouca diferenza entre eles: o meu anterior amo batía en min cando se alporizaba e botaba espuma pola boca, o señor D---- adoitaba amosarse sereno. Púñase de pé dando ordes para que fustrigasen con crueldade a unha escrava e participaba do castigo sen mover un músculo da cara, camiñaba dun lado para outro tomando rapé como se nada pasase. Nada podía tocar o seu corazón endurecido, nin os suspiros, nin as bágoas, nin as oracións, nin o sangue aos regueiros; era xordo aos nosos berros, nada lle importaban os nosos sufrimentos. O señor D---- moitas veces me ten quitado a roupa e deixado espida, pendurado dos pulsos e batido coa pel de vaca coa súa

propia man ata que o corpo se me quedaba en carne viva dos cortes. Agora ben, non hai nada que deba chamar a atención en todo isto porque pode servir de exemplo do xeito de tratar aos escravos e escravas habitual desa horrible illa.

Debido ás bochas que tiña nos pés non era quen de empurrar a carretilla con rapidez pola area adiante, que ademais se me metía nas feridas e facíame topar a cada paso, e o meu amo, que non tiña dó do meu sufrimento por todo isto, facía todo máis intolerable ao castigarme por non ser capaz de moverme todo o rápido que el quería. Outra ocupación que tiñamos era ir remando un pouquiño cara ao mar nunha chalana e mergullarnos para recoller pedras grandes coas que construír o valado que rodeaba a casa do amo. Era este un traballo moi arduo e as grandes ondas que rachaban sobre nós todo o tempo faciánnos sentir tan mareadas que perdíamos o equilibrio e corriamos perigo de afogar.

Ai, pobre de min!, nunca remataba o meu traballo. Estivese enferma ou de boa saúde, todo era traballo, traballo, traballo! Despois de que rematase a tempada de mergullo mandábanos a South Creek con grandes picos para cortar mangos cos que acender o lume para queimar cal. Mentres que unha partida de escravos e escravas traballaba nisto, a outra ía á outra beira da illa picar e recoller coral.

Cando tiñamos algunha enfermidade, daba igual o que nos pasase, a única medicina que se nos daba era unha cunca de auga do mar quente, con sal mesturado, que nos enfermaba moitísimo. Se non podíamos manter o ritmo do resto do grupo púñanos na reserva e nos fustrigaban con dureza á mañá seguinte. Aínda así, o amo agardaba que, despois de deixarnos sen descanso, de que as pernas e brazos nos quedasen tesas e doridas de tanto maltrato, que seguísemos coas actividades diarias como se nada pasase. Algunhas veces tiñamos que traballar toda a noite, medindo as cargas de sal para cargar un barco, ou facendo xirar algunha máquina para tirar auga do mar para facer o sal. Logo non podíamos durmir –nin descansar- senón que se nos obrigaba a traballar o máis rápido posible e continuar ata o día seguinte igual ca sempre. Traballo, traballo, traballo. Ai, esa Illa de Turcos era un lugar horrible! A xente de Inglaterra, estou segura, non teñen nin idea do que acontece alá. Un lugar cruel e horrible!

O señor D---- tiña un escravo chamado o vello Daniel, que adoitaba tratar do xeito máis cruel. O pobre Daniel era coxo de cadeira e non podía seguir o ritmo do resto; o noso amo dáballo orde de quitar a roupa e deitarse no chan e logo batían nel cun pau de madeira de uz brava ata que lle quedaba a pel vermella e en carne viva. Logo pedía un caldeiro de sal e botáballo na carne viva ata que o home se retorecía no chan coma un verme, berrando de agonía. As feridas deste pobre home non curaban nunca e téñollas visto ben de veces cheas de vermes, o cal aumentaba o seu tormento ata o intolerable. Era obxecto de mágoa e de medo en toda a cuadrilla de escravas e escravos e no seu lamentable caso cada quen víase e vía o que nos acontecería se chegabamos a vivir tanto tempo.

Oh, o horror da escravitude! Como me fai proer o corazón o recordo! Pero hai que contar a verdade do asunto, e o que viron os meus ollos é a miña obriga contalo porque poucas persoas en Inglaterra saben o que é a escravitude. Eu fun escrava e sentín o que sente unha escrava e sei o que sabe unha escrava e oxalá toda a xente de Inglaterra o saiba tamén para que rachen coas nosas cadeas e nos deixen en liberdade.

O señor D---- tiña outro escravo chamado Ben. Un día que tiña moita fame roubou un pouquiño de arroz pola noite despois de vir traballar e cociñouno para cear. Pero o amo axiña descubriu o roubo, pechouno toda a noite e deixouno sen comer ata a unha do día seguinte. Logo pendurou a Ben polas mans e pegáballo de cando en vez ata que as escravas e escravos chegamos pola noite. Atopamos o pobre pendurado cando chegamos á casa, cunha poza de sangue debaixo del e o amo aínda pegándolle. Pero isto non foi o peor. O fillo do amo tiña o costume de roubar arroz e ron. Ben vírao facer tal e pensou que podía facer o mesmo, cando o amo viu que Ben roubara o arroz e xurou castigalo, el tentou desculpase dicindo que o amo Dickey facía o mesmo cada noite. O rapaz negouno ante seu pai e estaba tan enfadado con Ben por irlle co conto ao pai que para vingarse foi coller unha baioneta e mentres o pobre home estaba suspendido polas mans e retorcéndose de dor polas feridas, traspasoulle o pé con ela. Eu non estaba alá cando o fixo pero vin a ferida ao chegar á casa e oín a Ben contar o xeito no que lla fixera.

Teño que dicir algo máis deste cruel fillo dun pai cruel. Non tiña corazón, nin medo de Deus: fora criado por un mal pai dun mal xeito e encantáballo seguir os mesmos pasos.

Había unha señora maior entre as escravas chamada Sarah, que xa case non daba traballado, e esta pobre criatura, que xa tiña todo tipo de problemas de saúde e non estaba moi ben da cabeza tampouco, non daba empurrado a carreta tan rápido como para compracer o amo Dickey, que era o supervisor nese momento. Lanzouna ao chan e despois de bater nela duramente colleuna en alto e botouna nun mato de figos chumbos, que están todos cubertos de punzantes espiñas venenosas. Quedoulle a pel espida tan magoada por todo isto que se lle inchou o corpo de todo e enchéuselle de pus e morreu uns días máis tarde. Estou contando as miñas propias desgrazas pero non podoo deixar de lado ás doutras escravas e escravos porque cando penso nas miñas lembro as súas.

Creo que pasaran dez anos de eu traballar nas salinas da Illa de Turcos cando o meu amo deixou o negocio e xubilouse nunha casa que tiña nas Bermudas, deixando ao seu fillo para que o sucedese na illa. Levoume con el para coidar das súas fillas e eu estaba contenta, porque estaba farta, máis que farta da Illa de Turcos e o meu corazón arelaba volver ver o meu lugar de nacemento outra vez, e a miña mai, e a miña familia.

No tempo que fun escrava na Illa de Turcos vin unha vez a miña pobre mai. Un domingo pola mañá estaba na praia con outros escravos e vin un balandro achegarse, ateigado de escravas e escravos que viñan traballar na auga salgada. Collemos unha chalana e fomos ata o barco. Cando chegamos á cuberta preguntei á xente negra:

-Hai alguén dos meus entre vós?

-Si –dixeron-, túa mai.

Pensei que mo dicían para meterse comigo, case non o podía crer da ledicia, pero cando vin a miña pobre mamá a miña ledicia fíxoseme dor, porque xa non rexía.

-Mamaíña –díxenlle- es ti?

Non me recoñecía.

-Mamaíña –díxenlle –que che pasa?

Comezou a falar sen xeito, e dixo que estivera debaixo do barco. Colléraa unha violenta treboada no mar. A miña mai nunca antes estivera no mar e estaba tan enferma que perdeu a razón e levoulle tempo aquelarse. Tiña unha meniña con ela, unha irmanciña que eu nunca vira, duns catro anos de idade, chamada Rebecca. Leveina á costa comigo porque sentín que lle tiña que dar cariño sen máis e quedei con ela unha semana. Miña xoia! Levara unha vida tan triste e así continúa ata o día de hoxe. Miña mai traballou

algúns anos na illa pero levárona de volta ás Bermudas un pouco antes de que o amo me levase a min tamén para alá<sup>7</sup>.

Despois de eu deixar a Illa de Turcos, dixéronme que viñeran de alá algúns negros e que os pobres escravos construíran un lugar con pólas e follas onde poderse reunir para orar, pero que os brancos o botaran abaixo dúas veces e que non lles permitían nin ter un alpendre mesmo para orar. Pouco despois baixou unha enxurrada e levou por diante moitas casas, encheu o lugar de area e anegou as salinas, e eu creo que iso lles pasou pola súa maldade, porque os homes Buckra<sup>8</sup> de alá eran moi, moi malvados. Vin e oín moitas cousas malas naquel lugar.

Durante varios anos fun escrava do señor D---- antes de regresar ao meu lugar de orixe. Alá traballei na terra. O meu traballo era plantar e sachar as patacas doces, o millo, os plátanos, as bananas, repolos, cabazas, cebolas etc. E facía todo o traballo da casa e coidaba ademais dun cabalo e dunha vaca, á parte de ir facer mandados. Tiña que cepillar o cabalo -limpalo e darlle de comer- e algunhas veces montar nel un pouquiño. Tiña abondo que facer, pero aínda así non a pasaba tan mal como na Illa de Turcos.

O meu antigo amo adoitaba embebedarse e logo púñase furioso coa súa filla e mallaba nela ata que non estaba para ver. Lembro unha vez na que fora recoller auga e cando regresaba polo outeiro oín un berrallar infame; corrín tan rápido como me deron os pés ata a casa, deixei a auga e entrei no cuarto, onde atopei ao amo batendo na señorita D--- - de mala maneira. Loitei con toda a miña forza para quitarllo de enriba porque xa estaba feita un desastre, toda chea de morados. Batera nela co puño, case a matara. A xente tívome lei por axudala. Deu a volta e alá comezou a bater en min. Logo dixen: -Señor, isto non é a Illa de Turcos.

Non podo repetir a súa contestación porque vaia palabras... non se poden repetir. Quería tratarme igual nas Bermudas, igual que fixera na Illa de Turcos.

---

<sup>7</sup> Do resto de familiares sabe pouco. Comenta que seu pai morreu mentres que ela e súa mai estaban na Illa de Turcos e que pasou moito tempo morto e soterrado antes de que ninguén da súa descendencia o soubese nas Bermudas, dado que eran escravos doutras plantacións. A súa mai morreu despois de que Mary marchase para Antiga. Do destino do resto da súa parentela, sete irmáns e tres irmás, non sabe nada máis ca iso: a irmá maior, que tivera varias crianzas do seu amo, foi levada por el a Trinidad e a máis nova, a Rebeca, aínda vive e traballa de escrava nas Bermudas. A propia Mary ten agora uns corenta e tres anos. NdE

<sup>8</sup> Nome que utiliza a poboación negra para a xente branca.

Tiña tamén o feo hábito de quitar a roupa de todo e darme ordes de que o fregase nunha bañeira chea de auga. Isto para min era peor cós golpes. Algunhas veces chamábame para que o fregase e non acudía, da vergoña que me daba. Daquelas viña bater en min. Unha vez lavaba pratos e coitelos na man e caéronme os pratos e os coitelos e escacharon algúns pratos. Bateume tan forte por isto que finalmente me defendín porque pensei que xa estaba máis que ben. Logo díxenlle que non había vivir máis con el, que era un home indecente, malicioso e demasiado indecente, que non tiña respecto das criadas nin sequera do seu propio sangue. Así que marchei á casa veciña e sentei e chorei ata que á mañá seguinte volvíñ á casa sen saber que outra cousa podería facer.

Despois disto alugáronme para traballar en Cedar Hills e cada sábado pola noite pagáballe os cartos ao meu amo. Tiña abondo que facer alá tamén: abondo de bogada, pero aínda fixen algúns cartos. Gañaba dous dólares e un cuarto cada semana, o cal dá vinte peniques ao día.

Durante o período en que traballei alá souben que o señor John Wood ía vir a Antiga. Sentín grandes desexos de achegarme e fun onda o señor D---- e pedinlle que me deixase ir ao servizo do señor Wood. O señor Wood daquelas non quería mercarme, foi culpa miña acabar con el porque tiña tanta gana de ir. Imaxino que sería orde de Deus levarme ata alá. A verdade é que non quería ficar nin un segundo máis de escrava daquel amo indecente.

O señor Wood levoume con el a Antiga, á vila de St. John, onde vivía. Isto foi hai uns quince anos. Daquela el non sabía se me estaba en venda ou non, pero a señora Wood viu que traballaba ben e quería mercarme. O seu home escribiulle ao meu amo para preguntar se estaba en venda. O señor D---- escribiulle de volta “que non me había vender a ninguén que me tratase mal”. Era o que faltaba, que escribise tal cousa cando el me tratara tan mal. Así que me vendeu ao señor Wood por 300 dólares (ou 100 libras da moeda das Bermudas)<sup>9</sup>.

O meu traballo era coidar dos cuartos e atender unha nena e baixar á lagoa lavar roupa. Pero axiña enfermei de reuma e quedei tan coxa que tiña que camiñar cun caxato.

---

<sup>9</sup> Unhas 67,10 libras esterlinas

Entroume tamén o fogo de San Antón na perna esquerda e quedei case tolleita de todo. A ninguén lle daba por virme coidar e botei enferma moito tempo, durante varios meses non puideren levantar a perna. Tiña que irme deitar a un rocho vello que ficaba algo lonxe da casa e que estaba a rebordar de chinches e outros insectos, o cal me atormentaba o indicible, pero non tiña outro lugar onde irme deitar. A reuma entroume de coller frío na lagoa, de lavar na auga doce porque na auga salgada nunca collera frío. A persoa que vivía na finca do lado (unha tal señora Greene) non aturaba escoitarme berrar e laiar. Era caritativa e adoitaba enviarme unha escrava vella para axudarme, que de cando en vez me traía algo de sopa. Cando o médico viu que estaba tan enferma dixo que me tiñan que meter nun baño de auga quente. A escrava vella colleu algo de cortiza dun mato que era bo para as dores, ferveuna en auga e cada noite viña darme un baño e fixo o que puido para axudarme. Sabe Deus que tería feito ou que tería sido de min se non fose por ela... A miña ama, tamén é verdade, mandábame algo de comida pero ninguén da nosa familia se me achegaba excepto a cocineira, que adoitaba empurrar a comida dende a porta e dicir:

-Molly, Molly, aí tes a cea.

A miña ama non se preocupaba de mirar por min e se non fose porque o noso Señor lle deu á veciñanza un bo corazón que se non ben houben morrer alá mesmo.

Pasou bastante tempo antes de que me puxese ben abondo para ir traballar na casa. Entrementres a señora Wood alugara unha mulata para coidar da nena pero era unha boa peza que quería ser a miña xefa. Pareceume moi duro que unha muller de cor mandase en min porque eu era escrava e ela unha muller libre. Chamábase Martha Wilcox e era unha desvergonzada, unha auténtica desvergonzada, e ía e daba queixa de min á ama sen motivo ningún e esta anoxábase comigo. A señora Wood díxome que se non me ocupaba do que se me encargaba había facer que o amo me quitase a roupa e me dese cincuenta lategazos:

-Xa cataches ben o látigo -díxome- e aquí halo probar tamén.

Esa foi a primeira vez que me ameazou con fustrigarme e ameazoume tanto co que me había facer que me houben botar aos seus pés pero sentínme tan anoxada e amolada polas súas palabras que non fixen tal. A mulata non cabía en si de ver o poder que tiña para manterme baixo o pé. Estaba seguido facendo das súas: as escravas non tiñamos acougo nin paz despois de que chegase ela.

A señora Wood tamén me mandou ao cárcere unha noite e ao día seguinte fustrigáronme por orde do xuíz, por desexo dela e todo foi por unha liorta que tiven con outra escrava por mor dun porco. Nesta ocasión fustrigáronme nas costas espidas, mesmo se despois de todo eu non tiña culpa ningunha, porque o vello xuíz Dyett, cando chegamos perante el dixo que eu tiña razón e ordenou que se me dese o porco. Iso pasou dous ou tres anos despois de chegar a Antiga.

Cando nos trasladamos do centro da vila a Point eu ficaba na casa e facía todo o traballo e miraba polas crianzas, aínda que seguía ben enferma da reuma. Cada semana tiña que lavar dous grandes fardos de roupa, o que me dese a forza levantar coa axuda dun pequeno, pero aínda así nunca facía as cousas ao gusto da ama. Sempre me andaba insultando e rosmando. Non é posible relatar a linguaxe que usaba... Un día seguiume a cada paso rifándome e insultándome. Aturei en silencio esa enorme cantidade de palabras infames: finalmente acabei farta e díxenlle que mellor que non me tratase así, que se por ela fose cando enfermara xa puiden morrer e que ninguén se achegara para coidarme porque todo o mundo tiña medo da ama. Isto tomouno como unha grande afronta. Chamou polo home e díxolle o que lle dixera. El alporizouse todo pero non bateu en min daquela, nada máis me insultou e botou xuramentos e logo deume unha nota e pedíume que marchase buscar un dono. Non tiña intención de venderme pero facíao para compracer a súa muller e asustarme. Fun onda Adam White, un toneleiro, un negro libre, que tiña cartos e pedílle que me mercase. Foi directamente ao señor Wood pero aló dixéronlle que non estaba en venda. Ao día seguinte o amo fustrigoume.

Doutra vez (hai uns cinco anos) a miña ama anoxouse comigo porque enfermei e non daba feito o traballo. Foise queixar ao home e el mandoume de novo buscar outro dono. Fun ao señor Burchell, amoseille a nota e pedílle que me mercase polo eu ben, para isto aforrara 100 dólares e agardaba que cunha axudiña me axudase a mercar a miña liberdade. Coa mesma foi onda ao meu amo:

-Señor Wood -dixo- Molly tróuxome unha nota que di que busca dono. Se ten intención de vendela gustárame mercala.

O meu amo arredouno e dixo que non tiña intención de venderme. A min isto pesoume moito porque non estaba a gusto coa señora Wood e arelaba grandemente a miña liberdade.



O xeito en que fixera aqueles cartos fora o seguinte: cando o amo e a ama saían, que era algo que facían algunha ca outra vez, deixábanme ao cargo da casa e o lugar e tiña tempo para min mesma, un tempo que aproveitaba ao máximo. Aceptaba roupa para lavar e vendía café e ñame e outros alimentos a capitáns de barcos. Non ficaba sentada sen facer nada cando non estaban a ama e o amo, porque quería, por calquera medio honesto, gañar os cartos para mercar a miña liberdade. Algunhas veces mercaba un rancho barato nun barco e vendíao polo dobre en terra e tamén gañaba abondo vendendo café. Con isto, aos poucos, fun facendo algo de cartos. Un cabaleiro tamén me deixou algo para axudarme a mercar a miña liberdade, pero ao ver que non me daba liberado recuperou os cartos. O seu nome era Capitán Abbot.

O meu amo e a miña ama saíron ao campo unha vez, foron a Date Hill para cambiar de aires e leváronme con eles para coidar das crianzas e facer o traballo da casa. Mentres estiven no campo vin como traballan os escravos do campo en Antiga. Fanlles traballar moi duramente e case non lles dan de comer. Chámanos traballar antes de que saia o sol e veñen para a casa despois de anoitecido e cada un ten que levantar o seu fardo de herba para o cortello. Logo, o domingo pola mañá, cada escravo ten que saír e recoller un fardo grande de herba e cando o traen para a casa teñen que sentar á porta do capataz e agardar a que saia, moitas veces teñen que agardar ata pasadas as once sen almorzo. Despois disto, os que teñen ñame ou patacas ou leña para vender corren ao mercado para mercar unha medida de can<sup>10</sup> de peixe salgado, ou porco, ao que lle dan moito valor. Algúns mercan algo de conserva dos bocois de sable, que lle chaman mollo, para darlle sabor ao ñame e ao millo. Xa sei que está moi mal traballar ou ir ao mercado en domingo, pero non ha pedir Deus que respondan ante el os homes Buckra por isto o día do xuízo dado que son eles os que non lles dan aos escravos outro día?

Mentres estabamos en Date Hill chegou o Nadal e a escrava que coidara do lugar (que daquelas pertencía ao señor Roberts, o mariscal) pedíume que fose con ela rezar á casa do seu home a unha xuntanza metodista que se celebraba unha plantación chamada Winthorps. Fun, e foron as primeiras oracións que comprendín. Unha muller oraba e logo o resto cantaba un himno, logo había outra oración e outro himno e logo cada quen falaba por quendas das súas penas como pecadoras e pecadores. O home da muller coa

---

<sup>10</sup> Unha medida de can é a 72 parte dun dólar.

que fun era supervisor dos negros. Chamábase Henry. Confesou que tratara os escravos con moita crueldade pero dixo que tiña a obriga de seguir as ordes do seu amo. Pregou para que o perdoásemos e pregou para que Deus o perdoase. Dixo que era algo terrible para un ranger<sup>11</sup> ter que bater na súa propia muller ou irmá pero que tiña que facelo se o amo llo ordenaba.

Eu tamén me arrepentín dos meus pecados. Chorei toda a noite pero tiña demasiada vergoña para falar. Recei a Deus para que me perdoase. Esta xuntanza impresionoume moito e levou o meu espírito á igrexa de Moravia, de xeito que cando regresei á vila fun e pedín que puxesen o meu nome no libro das Misións e seguín a igrexa en todo sen desviarme. Daquela non lle falei á miña ama disto porque sabía que non me había dar permiso para ir. Pero sentín que tiña que ir. Sempre que lles levaba ás crianzas a comida á escola andaba por alá e ía escoitar as mestras.

As donas moravianas (a señora Richter, a señora Olufsen e a señora Sauter) ensináronme a ler na clase e acabei collendo moita soltura. Nesta clase había todo tipo de xente, nova e vella, xente co pelo cano e crianzas, pero a maioría eran libres. Cando rematamos co soletreo tentabamos ler na Biblia. Despois de ler a misioneira dábanos un himno para que cantásemos. Adoraba ir á igrexa, era todo tan solemne. Nunca souben ben de todo que pecara tanto ata que fun alá. Cando descubrín que era unha grande pecadora entroume unha mágoa fonda e tamén moito medo. Adoitaba pedirlle a Deus que me perdoase os meus pecados, por Xesucristo bendito, e por todas as cousas que fixera mal, e cando chegaba á casa a traballar sempre pensaba no que oíra das misioneiras e desexaba ser boa e ir ao ceo. Despois dun tempo aceptáronme como candidata a recibir a Comuñón, xa me bautizara había tempo, en agosto de 1817, o reverendo señor Curtin, da Igrexa de Inglaterra, despois de que me ensinasen a repetir o Credo e o Noso Pai. Daquela desexaba asistir ao catecismo que impartía o señor Curtin pero non me aceptaba sen unha nota escrita do meu amo que me dese permiso. Non lle pedín permiso ao amo porque cría que non mo daría, así que non me recibín máis instrución da Igrexa Inglesa naquel momento<sup>12</sup>.

---

<sup>11</sup> O negro responsable dunha finca: a persoa encargada da supervisión e que ten como superior ao capataz.

<sup>12</sup> Posúe unha copia do “Libro de Soletreado da Escola Benéfica da señora Trimmer” que lle deu como agasallo o reverendo señor Curtin e que data do 30 de agosto de 1817. Neste libro aparece o seu nome como “Mary, Princesa de Gales”, un apelativo que, di ela, lle daban os propios donos. É unha

Pouco despois de comezar a asistir á igrexa Moravia, coñecín a Daniel James, que se había converter no meu querido home. Era carpinteiro e toneleiro, un negro honesto, traballador e decente, e ademais viúvo. Mercara a súa liberdade da súa ama, a vella señora Baker, cos cartos que gañara mentres era escravo. Cando me pediu que casara con el tomei o meu tempo para considerar o asunto e non quería acceder ata que viñese á igrexa comigo e se unise aos Moravianos. Despois de mercar a súa liberdade tiña moito traballo e alugara unha casa moi feita e tiña unha boa cantidade de cousas. Ficamos unidos en matrimonio polo Nadal de 1826 na capela Moravia de Spring Gardens polo Reverendo señor Olufsen. Non nos podían casar na Igrexa de Inglaterra. O matrimonio inglés non se lles permite aos escravos, nin tampouco que un home libre case cunha escrava.

Cando o señor Wood oíu que casara púxose coma tolo e mandou chamar a Daniel, que estaba axudando a construír unha casa para a súa antiga ama. O señor Wood preguntoulle quen lle dera o permiso para casar cunha escrava súa. O meu home díxolle: -Señor, son un home libre e pensei que tiña dereito a escoller a miña muller, pero se tivese sabido que a Molly non se lle permitía ter marido non lle tería pedido que casase comigo.

A señora Wood estaba máis anoxada polo meu casamento có seu home. Non me podía perdoar que casase e encirraba ao señor Wood para que me fustrigase brutalmente coa fusta do cabalo. Pensei que era terrible que se me fustrigase a aquelas alturas da miña vida por casar, e díxenllo. Dixo que non había permitir que entrase un negro no campo ou na casa, ou que se lavase a roupa dun negro na mesma talla cá súa. Creo que tiña medo de que perdese o tempo que lle correspondía a ela en lavar e facer cousas para o meu home; pero daquela eu non tiña nin tempo de lavar para min, tiña que separar a miña propia roupa, mesmo se pasaba o día no lavadoiro.

Como era escrava non puiden ser moi feliz no meu matrimonio. O meu home entristecía-se moito de verme tan maltratada. A señora Wood sempre me andaba insultando por mor del. Non me batía ela mesma pero facía que o home lle fixese o

---

práctica habitual entre os colonos dar nomes ridículos deste tipo ás escravas e escravos e resulta, de feito, unha das moitas maneiras de expresar o habitual desprezo que teñen pola raza negra. Neste relato mantivemos o apelido paterno de Mary, Prince. NdE

traballo, mentres ela rosmaba ata deixarme xorda. Aínda así, non me quería vender. Vendeu cinco escravas mentres estiven con ela e a pesar de atopar sempre algo que criticarme, non me deixaba ir. Aínda así, máis tarde o señor Wood permitiulle a Daniel contar cun lugar onde vivir na nosa aira, cousa que lle agradecemos.

Despois disto volvíñ enfermarmos da reuma, estiven enferma moito tempo, pero enferma ou non tiña que facer o meu traballo. Xusto daquela pedinlle ao amo e á ama que me permitisen mercar a miña liberdade. Coa axuda do señor Burchel podería conseguir os cartos para pagarlle ao señor Wood, porque acordamos que despois serviría para o señor Burchell durante un tempo en pagamento dos cartos que me adiantase. Fun seria na solicitude aos meus donos pero tiñan o corazón endurecido, demasiado endurecido para acceder. A señora Wood enfadouse moito -púxose coma unha tola- e chamoume negra endemoñada e preguntoume quen me metera na cabeza o da liberdade.

-Ser libre é cousa xeitosa -dixen.

Pero ela encargouse de manterme como escrava. Vin como se puña vermella de ira e marchei do cuarto.

Por este tempo o meu amo e a miña ama ían ir a Inglaterra poñer o fillo na escola e traer de volta as fillas e leváronme con eles para ter conta da meniña. Tiña gana de ir a Inglaterra: pensei que se ía ata alá seguramente me curaría da reuma e que volvería co meu amo e ama en bo estado de saúde de regreso co meu home. O meu home animábame a que fose, porque oíra que o meu amo me liberaría, e eu tamén agardaba que isto fose certo, pero todo era unha faladuría.

O camareiro do barco era moi amable comigo. El e meu home estaban na mesma clase na igrexa Moravia e eu estaba agradecida de que fose tan agradable, porque a miña ama non me tratou ben na pasaxe e dicíame, cando se enfadaba, que non tiña intención de tratarme mellor en Inglaterra ca nas Indias Occidentais, que non me fixese ilusións. E abofé que cumpriu a súa palabra.

Cando chegamos preto de Inglaterra a reuma predeume peor ca nunca e inchoume todo o corpo de xeito terrible. Cando atracamos en Tower amoseille como estaba a miña ama pero non fixo caso ningún. Obrigáronnos a parar na taberna ata que lle desen unha casa ao meu amo e un día ou dous despois a miña ama mandoume ao lavadoiro a que

aprendese a lavar ao xeito inglés. Nas Indias Occidentais lavabamos en auga fría, en Inglaterra en auga quente. Díxenlle á miña ama que tiña medo de que meter as mans primeiro na auga quente e logo fría aumentase a miña dor. O médico díxeralle á ama antes de vir das Indias que estaba enferma e que o de lavar non me facía ben. Pero a señora Wood non me había liberar da talla así que tiña que facer como podía. Empeorei e non aturaba o de lavar. Tiña que sentar coa talla diante e moitas veces con toda a dor e debilidade non me quedaba outra que axeonllarme ou sentar no chan para dar rematado a tarefa. Cando me queixaba á ama disto nada máis se anoxaba e dicía que lavar en auga quente non lle podía facer mal a ninguén e que eu era unha langrana e unha insolente que quería escapar do traballo pero que ela me había de obrigar a facelo. Pensei que me trataba como moita dureza e sentín rabia. Aínda así, calei naquel momento e baixei lavar as cousas da meniña pero as lavadeiras inglesas que traballaban alá, cando me viron tan enferma, tiveron dó de min e laváronme a roupa.

Despois disto, cando fomos vivir a Leigh Street, a señora Wood arrombou cinco sacos de roupa que usamos na viaxe en barco e tamén a roupa que puxeramos dende que chegamos a terra para que a lavásemos eu e mais a cociñeira. Elizabeth, a cociñeira, díxolle que non cría que fose ser eu quen de aturar a talla, e que mellor era contratar unha muller. Iso mesmo dixen eu tamén, que viñera coidar da meniña e que sentía ter vido dende Antiga porque a miña ama me facía traballar tanto, sen compaixón pola miña reuma. O señor e a señora Wood, cando oíron tal, puxéronse coma tolos comigo. Abriron a porta e pedíronme que marchase. Pero estaba en lugar descoñecido e non sabía distinguir unha porta da outra e non quería marchar. Montaron unha boa e a partir dese día andaban sempre maldicíndome e insultándome. Tiña que lavar a pesar de estar moi enferma. De feito a señora Wood unha vez contratou unha lavadeira pero tratouna tan mal que non volveu máis.

O meu amo rifou comigo outra vez por unha bogada grande porque a muller o encirrara. Dixo que tiña que facer toda a bogada que se me daba e que se volvía negarme que había tomar a vía rápida: ou que me botaba no bergantín que había no río para que me levase de volta a Antiga ou que me botaba fóra a que fixese pola vida como puidese. Díxenlle que con gusto volvería se me deixaba mercar a miña liberade. Pero isto enrabechouno máis có resto: xurou e botou pestes e dixo que non me vendería a liberdade nunca, que se quería ser libre, era libre en Inglaterra e que podía ir ver o que

había facer por min a liberdade e que me desen p---. Quedei afundida por como me trataran pero tiña que continuar. Seguí facendo o traballo e fixen todo o que puideron para que estivesen contentos pero nada valía.

Pouco despois a cocíneira deixounos e a partir de aí as cousas foron dez veces peor. Sempre lavaba a roupa da meniña sen que mo mandasen e facía o que se precisase aínda que estivese moi enferma, enferma de verdade. Cando chegou a bogada xeral que se facía cada dous meses, a ama puxo outra vez xuntas unha grande cantidade de cousas, como as fundas das camas, as colchas, etc para que as lavase. Díxenlle que estaba moi enferma para lavar aquelas cousas tan pesadas ese día. Dixo que se pensaba que era unha muller libre pois que non o era e que se non facía as cousas que me puñan na rúa. Fiquei en silencio un bo anaco antes de poder contestarlle porque non sabía que facer. Sabía que en Inglaterra era libre pero non sabía onde ir ou como facer pola vida así que non quería deixar a casa. Pero o señor Wood dixo que había ir buscar un axente de policía para que me botase e finalmente saquei valor e tomei a decisión de que non me habían tratar así máis e que marcharía e confiaría na divina Providencia. Era a cuarta vez que me ameazaban con botarme e que fose onde quixese así que agora íalles tomar a palabra, aínda que me pareceu moi duro, despois de levar con eles vivindo trece anos e despois de traballar para eles coma unha mula, que me botase así, coma unha esmolante. O único que fixera mal fora estar enferma e polo tanto non ser capaz de compracer a miña ama, que pensaba que nunca sacaba todo o traballo que podía das súas escravas, e tal lles dixen, pero só me insultaron e me botaron. Isto pasou pasados uns dous ou tres meses despois de que viñésemos a Inglaterra.

Cando marchei fun ao home que limpaba os zapatos da familia (un tal Mash) e pregunteille á súa muller que me buscara a alguén que me acompañase a Hatton Garden, á Misión Moraviana: estas eran as únicas persoas que coñecía en Inglaterra. A muller mandou unha rapariga comigo ata a misión e alí reuníame cun cabaleiro chamado o señor Moore. Conteille toda a miña historia e como me trataran a miña dona e o meu dono e pedínlle que me coidasen do baúl no que gardaba a pouca roupa que posuía. A xente da misión foi moi boa comigo, tiñan mágoa de que me vise en tal situación de desprotección e déronme permiso para traer as miñas cousas e coidarmas. Eran xente moi boa e díxéronme que pasase pola igrexa.

Cando volví á do señor Wood recoller o meu baúl, vin unha muller, a señora Pell, que viñera facerlle unha visita á miña ama. Cando o señor e a señora Wood oíron que chegara, pedíronlle a esta muller que me detivese, ao caer na conta de que foran demasiado lonxe. A señora Pell achegouse e díxome:

-De verdade que vas marchar, Molly? Non marches, vén ao campo comigo.

Creo que o dixó porque pensou que a señora Wood me había de recuperar facilmente.

Contesteille:

-Señora, esta é a cuarta vez que me botan o meu amo e a miña ama, ou que me ameazan con botarme, non lles hei dar outra ocasión para pedirmo. Non estaba disposta a deixalos porque son estranxeira neste país pero agora debo marchar, non podo permanecer para que me traten así.

A señora Pell subiu a onde estaba a ama e díxolle que ía marchar, que non me podía deter. A señora Wood sentiuse moi ferida e asustada cando viu que estaba disposta a marchar de veras. Dixó:

-Se marcha hana atracar, e logo facer dela unha perda.

Isto non mo dixó a min pero falou alto abondo para que a oíse, para inducirme a que non marchase, supoño. O señor Wood tamén me preguntou onde ía. Díxenlle onde estivera e que non tería marchado nunca se non me tivesen botado. Un tempo antes dérame un papel por escrito que dicía que viñera a Inglaterra por desexo propio, e era verdade. Dicía tamén que marchara por desexo propio porque era unha muller libre en Inglaterra e que era unha preguizana e que non facía o meu traballo, o cal non era verdade. Despois dei este papel a un cabaleiro que me preguntou polo meu caso.<sup>13</sup>

Entrei na cociña e saquei a miña roupa. A aia e a rapariga estaban alí e díxenlle ao home que me ía levar o baúl:

-Para antes de coller o baúl e escoita o que teño que dicir ante estas persoas. Marcho desta casa, como se me mandou, pero non fixen nada malo a ningún dos meus amos ou das miñas amas, nin aquí nin nas Indias Occidentais. Sempre traballei duramente para compracer a estas persoas, día e noite, pero non había xeito de que estivesen a gusto porque a miña ama nunca estaba a gusto cun servizo razoable. Díxenlle á ama que

---

<sup>13</sup> Véxase páxina 24.

estaba enferma e aínda así mandoume marchar. Esta é a cuarta vez así que agora marcho.

Así que saín, e marchei e levei o meu baúl á misión Moravia. Logo regresei á casa de Mash, o limpador de zapatos, e pregueille á súa muller que me desen acubillo. Tiña algo de cartos das Indias Occidentais no baúl e axudáronme a cambialos. Isto deume para manterme un tempinho. A muller daquel home era moi boa comigo. Eu estaba moi enferma e ela cocíame comida que me alimentase. Tamén chamou un doutor para que me vise e mandoume a medicina, que me fixo ben, aínda que estiven moito tempo enferma con dor de reuma. Botei uns bos meses con esta pobre xente e coidaron de min e fixeron todo o que puideron para axudarme. O home coñecía moi ben a miña situación porque adoitaba ir e volver da casa do señor Wood para limpar os zapatos e coitelos e el e a súa muller tiñan moita dó de min.

Por esta época unha muller chamada Hill faloume da Sociedade contra a Escravitude e veu comigo á súa oficina para preguntar se se podía facer algo para conseguir a miña liberdade e mandarme de volta ás Indias Occidentais. Os señores da Sociedade leváronme a un avogado, que examinou de forma moi estrita o meu caso pero díxome que as leis de Inglaterra nada podían facer para liberarme en Antiga<sup>14</sup>. Aínda así, fixeron todo o que puideron por min, de cando en vez dábanme cartos para que non pasase necesidade e algúns foron a onda o señor Wood para intentar persuadilo de que me deixase volver co meu home como unha muller libre pero aínda que polo que me contaron lle ofreceron unha grande cantidade de cartos a cambio da miña liberdade, el seguía na súa, obstinado, e non había dar consentimento de liberarme.

Este foi o primeiro inverno que pasei en Inglaterra e padecín moito do frío intenso e da dor de reuma, que aínda ás veces me atormenta. Porén, a Providencia tivo compaixón de min e fixen moi boas amizades, sobre todo unhas señoras cuáqueras que, ao oír o meu caso, viñéronme buscar e déronme roupa quentiña e cartos. Así que tiña moitas razóns para dar grazas a Deus en todo aquel padecemento.

---

<sup>14</sup> Primeiro veu á oficina contra a escravitude de Aldermanbury, contra o final de novembro de 1828 e o seu caso foi derivado ao señor George Stephen para que o investigase. Véxase máis adiante.



Cando me puxen mellor entroume ansia por conseguir algo de traballo, porque non estaba disposta a comer o pan da galbana. A señora Mash, que era lavandeira, recomendoume a unha señora para traballar de carboeira. Pagábanme xenerosamente por facer o traballo e dividía os cartos entre a señora Mash e mais eu porque, aínda que eran moi pobres, déranme comida cando xa non tiña cartos meus e nunca padecín necesidade.

Na primavera entrei a traballar para unha señora que me viu na casa onde ás veces traballaba de carboeira. Esta señora chamábase Forsyth. Estivera nas Indias Occidentais e estaba afeita á xente negra e gustáballe. Estiven con ela seis meses e logo fun con ela a Margate. Tratoume ben e deume referencias cando deixou Londres<sup>15</sup>.

Despois de que marchase a señora Forsyth novamente estaba fóra de lugar e fun a unha pensión na que pagaba dous xilins por semana e onde atopei carbón e candeas. Despois de once semanas, os cartos que aforrara do traballo marcharan e tiveron que volver á oficina contra a Escravitude para pedir axuda ata que puidese facer outro traballo. Non me gustou ter que volver, non me gusta estar sen facer nada. Prefiro traballar para vivir que que me dean cartos por nada. Foron moi bos comigo e déronme uns cartos pero sentínme avergoñada de ter que solicitar auxilio tendo forza para traballar.

Finalmente entrei a traballar para o señor e a señora Pringle, onde fiquei xa dende aquela e onde estou tan cómoda como pode unha estar lonxe do seu querido home, lonxe do seu propio país e de todas as vellas amizades e persoas coñecidas. A miña querida ama ensíname cada día a ler a palabra de Deus e fai bos esforzos para que a entenda. Teño o grande privilexio de que se me permita asistir á igrexa tres veces o domingo e fixen nela moitas amizades dende que estou aquí, tanto entre os párrocos como entre a demais xente. O reverendo señor Young, que vive na casa do lado, amosoume moita amabilidade e esforzouse moito en ensinarme, sobre todo cando o meu amo e ama estiveron en Escocia. Tampouco debo esquecer, entre as amizades, ao reverendo señor Mortimer, o bo crego da parroquia, que me leva acollendo no seu ministerio nos últimos doce meses. Confío en que Deus faga que me beneficie de todo o que lle levo oído. Nunca deixa de dicir a verdade e creo que el foi o medio polo que

---

<sup>15</sup>

Refírese a un certificado por escrito que se presentará máis adiante.

abrín os ollos e os oídos moito máis para entender mellor a palabra de Deus. O señor Mortimer dime que non me pode abrir os ollos do corazón, que teño que orar a Deus para que me cambie e me faga saber a verdade porque a verdade farame libre.

Aínda vivo coa esperanza de que Deus ha atopar un xeito de darme a liberdade e devolverme ao meu home. Loito para evitar a miña anguria e para deixalo todo na súa man, porque el sabe o que é bo para min mellor ca eu mesma. Si, debo confesar que me resulta unha tarefa ben dura.

Moitas veces ando amolada e síntome moi triste cando oio a algunha xente deste país dicir que as escravas e escravos non teñen que recibir mellor trato, e que non queren ser libres.<sup>16</sup> Cren a xente estranxeira<sup>17</sup> que os enganan dicindo que as escravas e escravos están contentos. Eu dígolles que non tal. Como poden ser felices as escravas e escravos cando teñen o grillón arredor do pescozo e o látigo nas costas? Cando teñen a desgraza de que os consideren e os traten coma bestas?, cando se nos separa das nosas mais, homes, fillas e fillos e irmás como se fósemos gando para vender e separarnos así? É felicidade para un supervisor andar polo campo e ter que coller a súa muller ou irmá ou crianza, quitarlles a roupa e fustrigar nelas sen xeito?... Ou as mulleres que teñen crianzas expostas á vergoña en campo aberto! Non hai decencia nin modestia que o amo amose cara ás súas escravas e escravos: homes, mulleres e crianzas, todo o mundo está exposto a todo. Dende que estou aquí teño pensado moito en como a xente de Inglaterra pode ir ás Illas Occidentais e comportarse dun xeito tan brutal. Pero cando van ás Illas Occidentais esquecense de Deus e de calquera sentimento de culpa, creo, porque ven e poden facer tales cousas. Atan as escravas e escravos como porcos mouros<sup>18</sup>, coma gando, e baten neles dun xeito que nunca porco, vaca ou cabalo ningún foi fustrigado, e aínda así despois volven á terra e fan crer a algunhas boas persoas que as escravas e escravos non queremos deixar a escravitude. Cobren a verdade cunha manta. Non é así. Todas as escravas, todos os escravos queren ser libres, ser libre é ben xeitoso. Direille a verdade á xente de Inglaterra que lea esta historia que a miña boa amiga a señorita S---- escribe no meu canto. Eu mesma fun escrava, sei o que sentimos as escravas, podo contar por min mesma o que senten outros escravos e as cousas que me contaron. O

---

<sup>16</sup> Todo este parágrafo en especial está tomado do xeito máis preciso posible das palabras de Mary Prince.

<sup>17</sup> Refírese á xente das Indias Occidentais.

<sup>18</sup> Unha expresión das Indias Occidentais que significa atar ou apreixar.

home que di que os escravos están ben felices coa escravitude e que non queren ser libres, ese home é ou un ignorante ou un mentireiro. Nunca oín a escrava ou escravo ningún dicir tal. Nunca oíra a un home Buckra dicir tal ata que o oín dicir en Inglaterra. Tales persoas deberían sentir vergoña de si mesmas. Cal é a razón de que non poidan vivir sen escravas e escravos como fan en Inglaterra? Aquí non hai escravas, nin látego, nin picotas, nin castigos, excepto para a xente malvada. En Inglaterra contratan criadas e se non lles gusta o seu traballo, mándanas marchar, non poden fustrigalas. Que traballen mesmo duramente en Inglaterra porque estarán moito mellor ca como escravas. Se o amo é malo, dan aviso de despedimento e buscan outro. Teñen liberdade. Iso é o que queremos. Non nos importa o traballo duro se se nos dá un trato axeitado e o salario apropiado como ás criadas inglesas e un traballo axeitado para traballar durante a semana que nos evite incumprir o Sabbath. Pero alá non o han dar; teñen que traballar, traballar, traballar, día e noite, na enfermidade e na saúde, ata que non podemos máis e non debemos protestar ou mirar mal, tanto ten o moito que nos maltraten. E logo cando xa acaban con nós, a quen lle importamos, máis ca un cabalo coxo? Isto é a escravitude. Cóntoo para que a xente de Inglaterra saiba a verdade; e agardo que nunca deixen de pregarlle a Deus e de reclamar a viva voz ao grande Rei de Inglaterra que a pobre xente negra sexa libre e a escravitude remate para sempre.

## ANEXO DO EDITOR Á HISTORIA DE MARY PRINCE

Se ben ata o momento deixáramos a narración de Mary sen comentarios para que quen lea reflexione, considero que é agora o momento de facer públicas algunhas circunstancias vinculadas ao seu caso que foron chegando ao meu coñecemento.

Contra final de novembro de 1828, esta pobre muller veu dar á oficina da Sociedade contra a Escravitude de Aldermanbury coa axuda dunha persoa que chegara a coñecer a súa situación e que lle recomendara achegarse a este lugar para solicitar consello e asistencia. Despois dun exame preliminar para comprobar a exactitude das circunstancias que nos relataba, fun con ela ver ao señor George Stephen, avogado, e pedínlle que investigase e redactase un informe do seu caso e que o enviase ao asesoramento para ver se, nas circunstancias actuais, se podía establecer a súa liberdade legalmente cando regresase a Antiga. Nesta ocasión, na presenza do señor Stephen e mais eu, expresou con grande vehemencia a súa ansiedade por regresar como muller libre e ao mesmo tempo a súa aprehensión terrible ante o destino que a agardaría se regresase como escrava. As súas palabras foron:

-Prefiro ir para a tumba antes que volver a Antiga como escrava, aínda que desexo tantísimo regresar co meu home, tanto, tanto, tanto! Teño moitísimo medo de que os meus donos me separen do meu home e que me traten moi mal ou que me vendan se cadra para traballar nos campos... a escravitude é do peor. Prefiro ir antes para a tumba!

Deixou nas mans do señor Stephen o documento que lle dera o señor Wood antes de deixar a súa casa. Estaba expresado nos seguintes termos:

“Xa lle dixen a Molly e agora pónollo por escrito, que, para que non haxa malos entendidos pola súa banda, que como a trouxen de Antiga por petición súa e co seu consentimento que agora pode en consecuencia ser libre e que polo tanto ten liberdade para coller as súas cousas e ir onde queira. E, en consecuencia do seu comportamento recente, debe escoller entre deixar a casa ou regresar a Antiga o antes posible, porque non amosa disposición de traballar. Como é estranxeira en Londres non quero deixala na rúa, aínda que podería facelo porque dúas criadas abundan para a miña casa. Se

despois disto permanece será só se se comporta ben, pero en ningún caso se lle dará nin xornal nin calquera outra remuneración polos seus servizos.

JOHN A. WOOD.

Londres, 18 de agosto de 1828."

Este documento, aínda que non carente de incoherencias que serán obvias para calquera persoa que o lea con atención, está expresado de xeito arteiro e estaba ben deseñado para cumprir o propósito que tiña en mente quen o escribiu, é dicir, frustra calquera apelación que fixese esta muller negra abandonada á simpatía de persoas descoñecidas e polo tanto evitar que conseguise abeiro de calquera familia respectable se deixaba a casa. Como non tiña a ningún que dese referencias dela neste país excepto el mesmo, sen dúbida contaba con que ela volveuse con rapidez en canto lle rematasen os poucos fondos que tiña e que quedase incondicionalmente á súa mercé. A súa decepción ao non cumprirse a súa expectativa debeu de exasperar o seu resentimento cara á pobre muller ata un punto que poucas persoas que sigan os ditados da xustiza, por non falar de espírito cristián ou de caridade común, poderían anticipar facilmente. Esta parece ser, polo menos, a única inferencia comprensible que podemos tirar do seu comportamento posterior.

Unha vez que se enviou o caso, por desexo do Comité contra a Escravitude, a que fose considerado polo Dr. Lushington e o señor Sarxento Stephen, viuse que non había xeito legal de obrigar ao amo de Mary a que lle outorgase a manumisión e que se regresaba a Antiga, inevitablemente volvería a estar no seu poder ou no dos seus avogados, como escrava. Porén, acordouse tentar representala nunha negociación amigable, e con esta idea chamou o señor Ravenscroft, avogado (un parente do señor Stephen) ao señor Wood, para ver se había consentir a manumisión de Mary en termos razoables e para referir a arbitrio, de ser necesario, a cantidade de compensación polo seu valor. Con certa dificultade conseguiu o señor Ravenscroft unha ou dúas entrevistas co señor Wood, que estaba tan cheo de animadversión cara á muller e tan firmemente convencido de non aceptar calquera arranxo para conceder a súa liberdade que axiña romperon as negociacións sen ningunha esperanza. O escravista anoxado declarou “que non movería

un dedo por ela neste país nin lle daría a manumisión por moito que se lle ofrecese e que se regresaba ás Indias Occidentais debería facer fronte ás consecuencias”.

Esta conduta sen sentido do señor Wood levou ao Comité contra a Escravitude, despois doutros intentos infrutuosos para chegar a un acordo, a pensar levar o caso ao Parlamento. Os puntos principais da declaración de Mary pasáronse, xa que logo, a unha Petición que o Dr. Lushington se ofreceu a presentar e tamén quería ao mesmo tempo anunciar a súa intención de facer unha proposta de lei para que se lles concedese a emancipación a todas as escravas e escravos que viñesen a Inglaterra co consentimento do dono. Pero antes de dar este paso, o Dr. Lushington novamente recorreu á negociación co amo e, en parte a través dunha intervención amigable do señor Manning e en parte por conversas persoais, usou todo tipo de medidas persuasivas para inducir ao señor Wood a que cedese e deixase á muller cativa marchar en liberdade. Ao ver que o tema se ía tratar moi en serio, o señor Wood comezou a alarmarse grandemente, (porque ao parecer non lle agradaba que o caso se debatese publicamente na Casa dos Comúns, e para evitar este resultado tentou gañar tempo) e asumiu un comportamento de civismo insospeitado e mesmo lle mencionou ao señor Manning (tal e como se me fixo entender) que se non o levabamos a unha hostilidade manifesta con esa exposición coa que ameazabamos probablemente se aviría aos nosos desexos “no momento que a el lle acaese e ao seu xeito”. Con estas manobras gañou tempo e habilmente tentou baixar os azos das novas amizades de Mary no apoio á súa causa presentándoa como unha muller abandonada e sen valor, desagradecida e que non merecía a simpatía doutras persoas, e apoiaba estas alegacións coa declaración rauda dalgunhas amizades súas das Indias Occidentais e por unha ou dúas supostas cartas enviadas dende Antiga. Con estes artificios e outros semellantes parece que convenceu ao señor Manning, o respectable comerciante das Indias Occidentais a quen o Dr. Lushington lle pedira negociar con el, e chegou ata tal punto que induciu ao Dr. Lushington mesmo (que se movía neste caso por axudar a Mary do mellor xeito posible) a absterse de facer calquera comentario sobre a súa conduta cando finalmente se presentou ao parlamento a solicitude. Deste xeito foi capaz de neutralizar con habilidade todo o noso esforzo ata o peche da sesión de 1829, xusto despois da cal embarcou coa súa familia cara ás Indias Occidentais.

Ao ver que calquera intento de que liberasen a Mary non tivera éxito e estando totalmente convencido despois dunha observación de doce meses da súa conduta, de que era unha muller de boa disposición e respectable, contrateina en decembro de 1829 como criada doméstica para a miña familia. Dende aquela permanece neste traballo e estou polo tanto capacitado para falar da súa conduta e personalidade cun coñecemento de causa que non tería tido doutro xeito. A importancia desta circunstancia verémola deseguido.

Dende o momento en que o señor Wood marchou para Antiga en 1829 ata xuño ou xullo pasados non se fixeron máis intentos de liberar a Mary. Aínda albergabamos algunha esperanza feble de que este desaprensivo acabaría por acceder e que “no momento que a el lle acaese e ao seu xeito” había de dar resposta ás oracións da pobre muller negra exiliada. Porén, despois de agardar case doce meses máis, e vendo o ánimo da pobre muller esmorecer cada día máis co efecto daniño da esperanza que non se daba cumprido, tomei a resolución de facer un intento último no seu nome, a través da intervención das misións Moravianas e do Gobernador de Antiga. Por petición miña o señor Edward Moore, axente da Irmandade Moraviana de Londres, escribiulle ao reverendo Joseph Newby, o misioneiro da illa, dándolle poderes para negociar no seu nome co señor Wood para a manumisión de Mary e conseguir o seu consentimento, se for posible, coa condición dunha compensación pecuniaria xenerosa. Ao mesmo tempo o sen par e benévolo William Allen, da Sociedade de Amigos, escribiulle a Sir Patrick Ross, Gobernador da Colonia, co que tiña unha amizade, pedíndolle que utilizase a súa influencia para persuadir ao señor Wood a que consentise, e debo confesar que fun tan optimista que me gabei de pensar que deste xeito habíamos ter éxito. O resultado, aínda ben, demostrou que non apreciara ben a personalidade do home ao que nos enfrontabamos.

A resposta do señor Newby chegou a primeiros do pasado novembro, e mencionaba que fixera todo o que estivera na súa man para conseguir o noso propósito pero sen éxito e que se a manumisión de Mary non se podía conseguir sen o consentimento do señor Wood, cría que non había expectativas de que a conseguísemos nunca.

Unhas semanas máis tarde o señor Allen informoume de que recibira unha carta de Sir Patrick Ross, establecendo que el tamén utilizara os seus esforzos para resolver o asunto

pero que igualmente non chegara a ningún resultado. Sir Patrick achegaba tamén unha carta dirixida polo señor Wood ao seu secretario, o señor Taylor, mencionando as razóns para continuar con este proceder tan extraordinario. A carta require a nosa especial atención. O seu contido é o seguinte:

“Estimado Señor:

En resposta á súa comunicación relativa á muller Molly, prégoles que teña a ben facerme o favor de asegurarlle á súa Excelencia que lamento moitísimo a miña incapacidade para cumprir coa súa petición, que noutras circunstancias me provocaría grande satisfacción.

Existen moitas e poderosas razóns para que me negue a sancionar que regrese aquí do xeito que ela semella querer. Sería un xeito de recompensar a peor caste de ingratidade, e someterme ao insulto sempre que me cruzase con ela. O seu carácter é vil, como amosarán os informes policiais, e seguiría dando moitos problemas se regresase sen ningún tipo de restrición. Ela non naceu neste país e sei que non ten parentes aquí.

Inducina a que tomase marido pouco antes de marchar dándolles unha casa cómoda no noso propio patio e prohibíndolle saír despois das 10 ata as 12 (a nosa hora de durmir) sen ter permiso especial. Esta foi a queixa máis grande, de feito a única, que chegou a facer e non puideren evitala por todos os meus esforzos. Coa esperanza de inducila a que se comportase a xeito co seu home, que era un home libre, deille a el unha casa para que a ocupase durante a nosa ausencia, pero semella que tal vínculo non era tan forte como para mantela ben atada e agora el colleu outra muller, así que nese sentido eu non lle fixen mal ningún. En Inglaterra tomou a decisión de deixar a miña familia. A isto non tiven dereito a opoñerme e non tería pensado máis no asunto pero non lle chegou con marchar tranquilamente, dedicouse a darnos problemas e provocar todas as molestias que puido, no seu afán de lesionar o nome da miña familia coas falsidades máis viles e infames, que chegaron ata a tomar a forma dunha petición á Cámara dos Comúns, e tería sido presentada se os meus amigos nesa illa, en especial o Hon. Señor Byam e o Dr. Coull non chegasen a negar o que ela afirmara.



Estaría fóra dos límites desta mera carta detallar a súa baixeza, aínda que llo farei saber á súa Excelencia se tal desexar, pero poderá xulgar a súa depravación cun exemplo, que chegou ante o señor xuíz Dyett, nunha liorta con outra muller.

\* \* \* \* \*

Unha cousa tal resulta increíble<sup>19</sup>.

O feito de que perdese o seu valor como escrava dende o punto de vista pecuniario non o considero relevante, porque era a nosa intención, se se tivese comportado correctamente e voltara connosco, darlle a liberdade. Ela tomou a liberdade por si mesma e o único que desexo e que goce dela sen inmiscirse na miña vida.

Permítanme que lle repita, se a súa Excelencia así o desexar, que me proporcionaría grande pracer presentarlle os detalles da súa vida e que sen dúbida mostraría o aquí relatado e estou seguro de que borraría de vostede a opinión de que actuei de forma groseira e pouco xenerosa cara a ela. Non vou dicir nada das consecuencias legais ás que me enfrontaría segundo a Lei de Escravitude Consolidada se tratase cunha persoa libre como se fose escrava.

A miña única excusa para dar tantos detalles debe entenderse como o meu ansioso desexo de xustificar unha boa opinión de min por parte da súa Excelencia.

Queda ao seu dispor,

JOHN A. WOOD.

20 de outubro de 1830

Charles Taylor, Esq.

---

<sup>19</sup> Omíto as circunstancias que aquí se relatan porque son demasiado indecentes para aparecer nunha publicación que poida ser lida por mulleres. Con toda probabilidade é unha vil calumnia pero mesmo se fose verdade non lle había dar nin un átimo de razón ao señor Wood neste caso. Calquera lectora ou lector que así o desexe pode ver a pasaxe referida na carta manuscrita que está no meu poder. T.P.

Esquecera mencionar que foi ela quen especialmente solicitou acompañarme a Inglaterra e tamén que tiña unha cantidade considerable de cartos no seu poder, que aforrara ao meu servizo. Sei que eran polo menos 36 a 40 libras, porque tiveron certos problemas para recuperar os cartos dun home branco a quen ela lle deixara os cartos.

J. A. W."

Velaí a xustificación do señor Wood para a súa conduta de rexeitar de forma obstinada a manumisión dunha muller negra que escapara da súa “casa de escravitude”.

Tentemos agora calcular a validez das escusas presentadas e as alegacións realizadas perante o Gobernador, Sir Patrick Ross, nesta exposición de feitos tan deliberada.

1. Permitir que a muller regresase á casa libre, afirma el que “recompensaría a peor caste de ingratidade."

Semella que asume o poder soberano de pronunciar unha sentenza virtual de desterro polo presunto crime da ingratidade. Debería ser este un poder que deba ter calquera home sobre outro mortal? ou un poder que calquera persoa boa querería exercer? E ademais non hai ningunha proba, á parte das meras afirmacións do señor Wood, de que Mary Prince lle debese nin a el nin á súa familia a mínima gratitude. O seu relato do trato que recibiu ao seu servizo “podería” ser incorrecto, pero polo menos a súa simple declaración está apoiada en detalles concretos e factibles e a menos que se lle contraponan datos seguros, abofé que ha obter a confianza das persoas imparciais máis axiña que as enfadadas acusacións del, que amosan un aquel absurdo e improbable dende o principio. Ademais, non é absurdo referirse a que unha escrava exerza os seus *dereitos naturais* como “a peor caste de ingratidade”, mesmo supoñendo que os seus “donos” a tratasen ben, que a tratasen totalmente ao contrario do xeito en que Mary afirma que foi o trato recibido por parte do señor Wood e a súa muller? Pode que esta sexa a ética das Indias Occidentais pero dubido moito que a fosen recibir como unha doutrina sólida en Europa.

2. Permitir o seu regreso sería “someterse ao insulto sempre que me se cruzase con ela”.

Esta é unha afirmación do máis abraiante. Son as leis de Antiga tan favorables ás negras e negros libres, ou realízase o control colonial de xeito tan feble que non hai restricións suficientes para protexer a colonos ricos coma o señor Wood, (un home que conta entre as súas amizades próximas ao honorable señor Bryam, e ao señor Taylor, o Secretario do Goberno) de ser insultado por unha pobre muller negra? Ridícula afirmación.

3. O seu carácter é tan vil que seguiría dando moitos problemas se regresase á colonia “sen ningún tipo de restrición”.

“Ningún tipo de restrición?”. Non hai restricións (supoñendo que fosen necesarias) á parte da escravitude absoluta para manter á raia a “persoas de carácter problemático”? Pero iso é, supoño, “argumentum ad gubernatorem” para asustar ao gobernador. Semella que é unha perda de tal calibre, que se algunha vez regresa á colonial “libre”, non só llo faría pasar mal ao señor Wood, senón que nin a policía nin os tribunais non habrían poder con ela! Sen dúbida Sir Patrick Ross terá coidado de non seguir intercedendo ante tal formidable virago! Como poden tomarse en serio tales argumentos?

4. Non é orixinaria da colonia e non lle coñece familia alá.

Certo: pero non fora o seu fogar (ata o punto en que unha escrava pode ter fogar) durante trece ou catorce anos? Non se formaron alá as conexións, amizades e as asociacións da súa vida adulta? Non é este o lugar onde agardaba pasar os últimos anos da súa vida co seu home tranquila no seu fogar, libre á fin do látigo do supervisor? Estas consideracións poden parecer irrelevantes ao señor Wood pero para esta pobre muller sono todo.

5. Induciuna, di el, a tomar un marido un pouco antes de deixar Antiga e deulle unha casa cómoda no seu patio, etc, etc.

Este parágrafo merece especial atención. El “induciuna a tomar un marido?” Se o feito fose certo, que brutalidade de mente e formas non indicaría dos escravistas? Néganse a legalizar os matrimonios dos seus escravos e escravas pero “indúcenas” logo a formar estas conexións temporais segundo lle conveña ao dono, como se fosen un par de animais menores, e este home ten ademais a desvergoña de contárnolo! Mary, porén, conta unha historia moi diferente (véxase a páxina 17) e a súa afirmación, sen ter en conta outras probas, polo menos é igual de crible cá do señor Wood. Quen lea xulgará por si que probas internas obteñen supremacía nas declaracións contraditorias.

6. Alega que ela era, antes do matrimonio, licenciada, e mesmo depravada na súa conduta e infiel ao seu home a partir de entón.

Estes son cargos moi graves. Pero se fosen verdade, ou mesmo parcialmente verdade, daquela como pode ser que unha persoa tan correcta coa súa familia e vida doméstica como o señor Wood di ser, e que expresa un horror tan edificante ante a vida licenciada, poida aceptar en conciencia manter no seo da súa familia unha “depravada” e tamén unha persoa de carácter “problemático” durante os últimos trece anos e lle confiase durante longos períodos de tempo o coidado da súa casa e das súas crianzas, porque estes amosarei que son os feitos? Como pode dar conta de non terse librado a toda velocidade dunha persoa de tan pouca reputación, el que valora a súa perda tan pouco “dende o punto de vista pecuniario”? Como pode dar conta de ter vendido “cinco escravas” en tal período e aínda así manter esta muller tan escandalosa, non, mesmo negarse a vendela en máis dunha ocasión, cando se lle ofrecía o seu valor completo? Non podería ser por descoñecemento do seu carácter, porque as circunstancias que relata como proba da súa desvergoñada depravación, e que eu omitín do relato pola súa indecencia, ocorreron, polo que parece, non hai menos de “dez anos”. Aínda así, malia ás súas presuntas malas calidades e hábitos de aberta inmoralidade, non só rexeitou separarse dela senón que despois de trece longos anos aínda a trae a Inglaterra como asistente da súa muller e crianzas, coa intención confesa de levala de volta coa súa filla solteira, unha rapariga que regresaba da escola! Estes son feitos extraordinarios, e ata o señor Wood debería reconciliar estas incoherencias singulares entre as súas accións e as súas alegacións, non debe de amosarse sorprendido se nós en Inglaterra preferimos dar

crédito ás primeiras fronte ás segundas; mesmo se neste momento semella algo difícil dicir que tipo de alternativa é a máis crible se o xulgamos polo seu carácter.

7. O seu home, di el, tomou outra esposa, así que “nese sentido”, engade “eu non lle fixen mal ningún”.

Supoñendo que este feito fose certo (cousa que dubido, como dubido calquera afirmación de orixe tan cuestionable) voume permitir facerlle unha ou dúas preguntas en conciencia ao señor Wood. Non escribiu el dende Inglaterra ao seu amigo o señor Darrel, pouco despois de que Mary deixase a súa casa, indicándolle que botase o home desta, Daniel James, da súa propiedade como vinganza pola súa ofensa, dicíndolle que informase a James ao mesmo tempo de que a súa muller se “amancebara” con outro home, que lle roubara todo o que ela tiña, unha calumnia tan carente de base como chea de crueldade? Sigo preguntándolle tamén se esta persoa que inventou esta historia (quen queira que sexa) non tería igual posibilidade de convencer de tales invencións ao pobre e crédulo home negro ata facerlle renegar dos seus votos de matrimonio e “tomar outra muller”, tal e como o expresa o señor Wood tan irrespectuosamente? Con todo, dubido da infidelidade de Daniel James, porque teño no meu poder unha carta del mesmo dirixida a Mary con data de abril de 1830 formulada nos termos do forte amor conxugal: expresa a súa ansiedade para que regrese axiña e afirma que recibira recentemente “unha beizón” (unha mostra de avance relixioso) na igrexa Moraviana, unha circunstancia de todo punto increíble se o home vivise en adulterio abertamente, como suxire a afirmación do señor Wood.

8. Mary, di el, tentou lesionar o nome da súa familia con falsidades infames, que acabaron tomando corpo nunha petición enviada á Cámara dos Comúns, e que se tería presentado, se non fose porque os seus amigos de Antiga, o Hon. Señor Byam e o Dr. Coull desmontasen as súas afirmacións.

Podo dicir algo sobre isto polo meu propio coñecemento. A petición de Mary contiña unha declaración sinxela do seu caso e, entre outras cousas, mencionaba o trato que recibira do señor e da señora Wood. Pois ben, os feitos principais están corroborados con outras probas e o señor Wood debe presentar un testemuño moi diferente do do Dr. Coull antes de que persoas ben informadas dean crédito ás súas contradicións. O valor

da proba dunha destas persoas verase agora. Do Hon. Señor Byam non coñezo cousa ningunha, e só comentarei neste punto que non é probable que lle redunde grandemente na súa fama aparecer en tal compañía. Ademais, a petición de Mary “foi” presentada, como debería saber o señor Wood, aínda que non se debateu, nin se expuxo a conduta del como debera ser.

9. El fala das consecuencias legais ás que se enfrontaría segundo a Lei de Escravitude Consolidada se tratase cunha persoa libre como se fose escrava.

Non resulta o pretexto hipócrita en extremo? A que consecuencias legais tería que enfrontarse el renunciando voluntariamente ao poder que se lle conferiu por unha infame lei colonial de volver impoñer a unha muller os grillóns da escravitude de cuxos brazos caeran cando tocou a terra libre de Inglaterra? Non existe consecuencia da que non puidese librarse ou pola que non tivese sido recompensado na súa totalidade.

Engade unha posdata sinalando que Mary tiña unha cantidade considerable de cartos no seu poder, “de 36 a 40 libras”, que aforrara estando ao seu servizo. O feito é que só chegou a xuntar 113 dólares pero parece que só trouxo a Inglaterra con ela unha parte moi pequena desta cantidade, o resto parece ser que o tivo que adiantar, como ela comenta, para axudar ao seu home, e parcialmente perdeuno ao ficar aloxada con persoas que non eran de fiar.

Finalmente o señor Wood repite dúas veces que lle proporcionaría grande pracer poder fornecer ao gobernador, se fose necesario, cos detalles da vida da “muller Molly” con probas irrefutables, porque está seguro de que así borraría da súa Excelencia a opinión de que “actuei de forma groseira e pouco xenerosa cara a ela”.

Visto isto, agora son eu quen reclama ao señor Wood que cumpra a súa palabra: que presente feitos e probas para aclarar totalmente o asunto; que reconcilie, se pode, as extraordinarias discrepancias que sinaléi entre as súas afirmacións e os feitos, e especialmente entre o seu relato sobre a personalidade de Mary Prince e a súa propia conduta con respecto a ela. Agora ten que presentar unha declaración deste tipo que o libere non só da opinión de Sir Patrick Ross senón da do público británico. E nesta

situación púxose el mesmo, tentando destruír, con esta carta incriminatoria deliberada, o nome e reputación desta pobre muller, un intento sen o cal esta publicación seguramente non tería aparecido.

\* \* \* \* \*

Aquí podemos deixar o caso para que o público xulgue con tranquilidade, pero a honra desta muller negra non é de menor valor porque a súa condición sexa tan humilde, e foi tan manchada de xeito tan pouco escrupuloso polo seu antigo amo, unha parte tan interesada e disposta a presentala dende o peor punto de vista, que é agora a miña responsabilidade, como o seu avogado perante o público, establecer unha testemuña adicional no seu nome da forma máis xusta e meticulosa posible.

A miña primeira testemuña é o señor Joseph Phillips de Antiga. Envieilla para que as inspeccionase, a carta do señor Wood e a narración de Mary Prince e pedinlle que expresase a súa opinión sincera e deliberada, e tivo a xentileza de enviarme a seguinte carta sobre tal tema:

“Londres, 18 de xaneiro de 1831.

Estimado señor:

Para dar a miña opinión sobre a narración de Mary Prince e a da carta do señor Wood dirixida ao señor Taylor respectivamente, primeiro teño que mencionar as oportunidades que tiven de me formar unha boa opinión da conduta e comportamento de ambas as dúas partes.

Coñezo ao señor Wood dende a súa chegada a Antiga por primeira vez no 1803. Naceu pobre e aprendeu a profesión de carpinteiro de ribeira nas Bermudas. Logo ascendeu ata encargado do departamento de provisións, e acumulou capital suficiente para comezar o seu negocio como comerciante. Esta última profesión foi a que seguiu con éxito durante abondos anos e sábese que acumulou abonda riqueza. Despois de entrar no comercio, tiven interacción constante con el por mor dos negocios, en 1824 e 1825 recibín emprego con frecuencia nos seus negocios como encargado e xa que logo tiven

oportunidade de observar o seu comportamento tanto como comerciante como como amo de escravos. O primeiro tema vouno deixar de lado dado que é irrelevante para o asunto que nos ocupa; en canto ao segundo, debo observar que non era, en canto a cuestións ordinarias, máis severo no trato có habitual dos amos de escravos, pero se se sentía ofendido seriamente non había xeito de apazugalo e non aforraba esforzo ou sacrificio para dar saída aos seus sentimentos de vinganza. En canto ao traballo das escravas domésticas, a súa muller era seguramente máis severa ca el, ás escravas resultáballes case imposible satisfacela totalmente.

Da súa escrava Molly (ou Mary) sei menos que do señor e señora Wood, pero vina e oín falar abondo dela mentres estiven traballando para o señor Wood, e estiven alá de cando en vez por negocios, para saber que os amos a vían como a súa escrava máis respectable e de confianza. É do meu coñecemento particular que ficaba a cargo da casa a miúdo cando non estaban, que lle confiaban as chaves, etc. e que a veciñanza e visitas sempre a consideraban a criada de confianza da casa, e como unha persoa en cuxa integridade depositaban unha confianza ilimitada... aínda que cando a señora Wood estaba na casa adoitaba andar ben atarefada lavando e con outros traballos arduos. Unha proba clara da estima en que a tiñan os seus amos era o feito de que o señor Wood non quería desfacerse dela, se ben vendeu cinco escravas mentres ela estivo na casa. De feito, sempre me pareceu que era unha escrava de intelixencia e respectabilidade superior e sempre entendín que ese era o seu comportamento habitual naquel lugar.

En canto ao que comenta o señor Wood sobre o feito de que fose arrestada con frecuencia pola policía e demais só podo dicir que nunca oíra tal cousa anteriormente e que vivín vinte anos na mesma vila, na proximidade da súa residencia e creo que de ningún xeito terían pasado desapercibidos tales feitos se tivesen acontecido. Pode ser, se cadra, que algunha vez acabase nos tribunais como consecuencias de pequenas disputas entre escravas, sen ningunha imputación seria sobre a súa respectabilidade xeral. Ela comenta que a chamaron dúas veces para aparecer de testemuña en tales ocasións e que unha vez a mandou a súa ama ao cárcere e que despois a flaxelaron por desexo dela. Esta práctica cruel é abondo común en Antiga e na miña opinión di bastante da caste dos donos de escravos e dos maxistrados grazas aos cales se impoñen tales castigos arbitrarios moitas veces por faltas insignificantes. O señor James Scotland é o único



maxistrado da colonia que de xeito invariable se nega a sancionar esta práctica reprehensible.

En canto á conduta inmoral adscrita a Molly polo señor Wood non podo dicir nada máis ca isto: que oín que anteriormente (antes do seu casamento) tivera algunha relación cun home branco, un tal Capitán ----, que non teño dúbida de que rematou cando quedou seriamente marcada pola relixión. Aínda así, tales relacións son tan comúns, eu diría que universais, nas nosas colonias escravistas, que excepto os misioneiros e unhas poucas persoas serias, teñen que considerarse nin sequera faltas e se alguén así o considerase serían faltas tan veniais que nin merecerían o nome de inmoralidade. O señor Wood coñece esta situación colonial de tales relacións tan ben coma min e tanto ten o baixo que estimemos estas relacións cando acontecen entre persoas con educación que finxen seguir unha norma moral puramente cristiá. Porén, cando el adscribe este comportamento a unha escrava negra, á cal se lle nega un matrimonio legal, este grande crime por un comportamento laxo deste tipo, e ademais cando expresa estar tan escandalizado e abraiado do conto que el mesmo relata, estou seguro de que é porque ten en mente algo máis ca informar ao señor Taylor ou Sir Patrick Ross. Debeu ser consciente, é evidente, de que esta carta había chegar ao señor Allen e adaptouna consecuentemente, igual que se adaptan mesmo documentos máis importantes das colonias “para que teñan efecto en Inglaterra”. A relato das immoralidades da escrava Molly, que quede claro, non tiña como obxecto Antiga senón Stoke Newington e Peckham e Aldermanbury.

En canto á narración de Mary, en xeral, aínda que non podo falar da exactitude dos detalles, excepto un par de casos recentes, podo declarar con seguridade que non vexo ningunha razón para poñer en cuestión a verdade de ningún feito declarado por ela, ou mesmo de sospeitar que esaxerase de forma intencional. Ao meu xuízo leva o selo xenuíno da verdade e da naturalidade. Esta é a miña opinión sen dúbida, despois de vivir nas Indias Occidentais durante vinte e sete anos.

Fico ao seu dispor,

JOSEPH PHILLIPS.

Ao señor T. Pringle.

PD: Dado que o señor Wood se refire ao testemuño do Dr. T. Coull para contraponerse ás afirmacións de Mary, pode ser axeitado permitirlles valorar o testemuño desta persoa en casos relacionados coa condición e trato das e dos escravos. Serán seguramente conscientes de que en 1829, o señor M'Queen de Glasgow, ao coñecer un Informe da “Sociedade de Donas de Birmingham para a liberación das escravas e escravos negros”, afirmou coa súa audacia característica, que a declaración en canto á situación de aflicción e abandono que padecían as e os escravos de Antiga era “unha falsidade abominable”. Non contento con isto e insinuado que eu, como axente desta sociedade na distribución de axuda en Antiga, cometera unha estafa cos cartos e que inventara aquel conto de aflicción, o señor M'Queen procedeu a calumniarme do xeito máis ignominioso, como “un home do carácter máis inútil e abandonado”<sup>20</sup>. Agora sei con certeza como foi (coa

---

<sup>20</sup> Para aclarar as circunstancias ás que me refiro, achego os seguintes extractos do Informe da Sociedade de Donas de Birmingham de 1830:

“Dado que parte dos fondos desta asociación foron asignados a asistir os esforzos benévolos dunha sociedade que durante quince anos proporcionou asistencia ás escravas e escravos aflixidos e abandonados de Antiga, pode que sexa de interese para as nosas amizades coñecer de que xeito o axente desta sociedade foi tratado por simplemente seguir as ordes do noso Salvador e por proporcionar apoio, como un bo samaritano, a quen sofre a desesperación e o abandono. Cando un amigo de África se referiu ao proceder da sociedade nunha xuntanza pública conducida alá, un terratenente das Indias Occidentais, que estaba presente, escribiulle aos seus amigos de Antiga e presentou a conduta dos axentes desta sociedade benéfica de tal xeito que se considerou que cumpría informar á Casa da Asemblea. O señor Joseph Phillips, residente da illa, que fora tan amable de distribuír de xeito desinteresado, os cartos que chegaban dende Inglaterra entre os pobres escravos abandonados, foi levado ante a Asemblea e interrogado do xeito máis severo: cando se negou a entregar a súa correspondencia privada coas súas amizades de Inglaterra, metérono nunha terrible cadea, onde ficou case cinco meses, mentres que as súas perdas nos negocios e o procedemento opresivo iniciado contra el o levaban á pobreza e a ruína. Cando foi liberado pola Casa da Asemblea foi apreixado alá mesmo por débedas e novamente encarcerado.

No noso informe do ano 1826 citamos unha pasaxe do 13º Informe da Sociedade para a axuda das Escravas e Escravos abandonados na illa de Antiga, en referencia a un caso de grande padecemento. Esta declaración caeu nas mans do señor M'Queen, o Director do Glasgow Courier. Das consecuencias de tal feito só obtivemos información a través do Leicester Chronicle, que copiara un artigo do Weekly Register de Antiga, datado en St. John o 22 de setembro de 1829. Descubrimos que o señor M'Queen afirmaba que “se deixamos de lado o feito de que á tal sociedade, como así o ten merecido, lle estafan e rouba os cartos, todo o conto” (das desgrazas referidas anteriormente) “é unha falsidade abominable”. Esta declaración que se nos comentou que aparecera en moitos periódicos públicos, fica TOTALMENTE REFUTADA no noso apéndice nº 4, ao cal referimos a quen le. As declaracións do señor M'Queen, sentimos comentar, levarían a crer que non hai negros desposuídos aos que asistir e que o caso mencionado era un invento sen máis. El tamén dá a entender que o axente, caritativo e desinteresado, da nosa sociedade, o señor Joseph Phillips, é un “home do carácter máis inútil e abandonado”. En contradición con esta afirmación, sabemos do bo carácter do señor Phillips por persoas que durante moito tempo coñeceron o seu loable traballo polos demais, e polo Director do Weekly Register de Antiga, que fala, por coñecemento propio de máis de vinte anos. O Director apela á confianza dos habitantes da colonia na que reside para crer na verdade das súas afirmacións e presenta un testemuño en canto ao bo carácter do señor Phillips asinado por dous membros da Casa da Asemblea de Antiga e polo señor Wyke, o recador dos impostos da súa Maxestade e por comerciantes de Antiga. Este testemuño indica: “que o coñeceron nos últimos catro anos

información do Dr. Coull) que o señor M<sup>o</sup> Queen fundamentou estas contradicións impúdicas de feitos infames e a súa audaz calumnias sobre a miña persoa. Desta única circunstancia poderán xulgar o valor do seu testemuño no caso de Mary Prince. Podo proporcionar máis información sobre o comportamento do Dr. Coull nas colonias, tanto privado como xudicial se as circunstancias así o requirisen.

J. P.

Deixo que a carta precedente sexa valorada con imparcialidade por quen le en oposición coas alegacións inculpatorias do señor Wood; simplemente queredo sinalar que ao señor Wood lle vai resultar difícil impugnar as probas do señor Phillips, cuxo carácter “recto”, “impecable” e “excepcional”, el mesmo aprobou en termos amplos, ao engadir a súa sinatura ao testemuño publicado no *Weekly Register* de Antiga de 1825. (véxase Nota ao pé)

O seguinte testemuño a favor de Mary é o da señora Forsyth, unha dona para a que estivo traballando o verán de 1829. (véxase páxina 21). Esta dona, ao deixar Londres para reunirse co seu home, deulle de xeito voluntario un certificado a Mary no cal, mesmo se só se refire a un período curto da súa historia, corrobora fortemente a respectabilidade habitual do seu carácter. Está escrita nos seguintes termos:

“A señora Forsyth declara que a persoa que posúe este documento (Mary James) leva con ela os últimos seis meses, que valora o seu carácter como excelente, dado que é

---

ou máis e que sempre se comportara dun xeito recto, o seu carácter sabemos que é impecable, e a súa calidade moral, excepcional”.

(Asinado) Thomas Saunderson    John D. Taylor  
                  John A. Wood        George Wyke  
                  Samuel L. Darrel    Giles S. Musson  
                  Robert Grant.

St. John, Antiga, 28 de xuño de 1825.”

Ademais dos testemuños anteriores, o señor Phillips trouxo a Inglaterra algúns outros de data máis recente de persoas de Antiga do máis respectable, suficientes para arrepoñerse a todos os calumniadores sen principios. Véxase tamén un resumo do seu propio caso no *Anti-Slavery Reporter*, N.º. 74, p. 69.]

honesto, traballadora, e sobria, e que deixa de contar co seu traballo pola única razón de que ten que marchar co seu home, que acaba de regresar do estranxeiro por mala saúde e xa non ten necesidade dunha criada. Calquera persoa que queira contratala pode conseguir as súas referencias completas da señorita Robson no 4 de Keppel Street, Russel Square, a quen a señora Forsyth lle pediu proporcionar calquera detalle que se lle requira.

4, Keppel Street, 28 de setembro de 1829."

En último lugar engado o meu propio testemuño a favor desta muller negra. Independentemente do escrutinio que, como Secretario da Sociedade contra a Escravitude, fixen do seu caso cando apareceu solicitándome asistencia nun primeiro momento no número 18 de Aldermanbury e a observación estreita que mantiven sobre a súa conduta nos seguintes doce meses, mentres viviu de xeito ocasional como acollida da Sociedade, agora tiven a oportunidade de observar de preto a súa conduta durante catorce meses, como criada doméstica da miña propia familia, e a seguinte é unha opinión reflexionada sobre o carácter de Mary, unha opinión que corresponde non só a min mesmo senón tamén á miña muller e a miña cuñada, despois deste amplo período de observación. Atopamos que é perfectamente honesto e de fiar en todos os respectos, de tal xeito que non temos ningunha reticencia ao deixar todo o que está na casa ao seu dispor. Quedou a cargo total da casa durante a nosa ausencia cando marchamos para Escocia durante tres meses o outono pasado e comportouse nese cargo coa maior discreción e fidelidade. Non é, está claro, unha criada moi destra, tampouco pode facer moito traballo duro (porque a súa saúde semella estar danada en grande medida) pero é coidadosa, traballadora e ansía facer o seu traballo segundo se lle pide. É capaz de amosar moito cariño e manifesta unha fonda e ilimitada gratitude pola amabilidade real que se lle amose. Posúe un sentido común considerable e ten moita rapidez de observación e de discernir o carácter dos demais. Sobresae “pola súa decencia e o apropiado da súa conduta e a súa delicadeza”, mesmo por calquera minucia, e este é un trazo ben comentado polas mulleres da miña familia. Este trazo, que non é en absoluto finxido, sería unha anomalía inexplicable, se os seus hábitos anteriores fosen tan indecentes e depravados como indica o señor Wood. As súas faltas principais, polo que comprobamos ata o momento, son un temperamento repentino e irascible e un sentimento considerable de amor propio e orgullo, pero estes defectos non se manifestan máis que de xeito pouco frecuente e transitorio e rara vez ocasionaron nin unha hora de

malestar na nosa casa. O seu coñecemento relixioso, malia a estar ao piadoso coidado da misión Moraviana en Antiga, segue a ser moi limitado, e a súa visión do cristianismo, bastante difusa. Pero a súa profesión da fe, por moito que teña de imperfección, estou convencido de que non ten nada de insincero. Resumindo, considerámola en xeral igualmente respectable e de bo comportamento que calquera outra persoa da súa posición, igual ca calquera criada, branca ou negra (e nós temos ampla experiencia con ambas cores) que tiveramos ao noso servizo.

Pero despois de todo, a honra de Mary, por moito que a ela lle importe limpala, non é realmente a cerna deste asunto. Supoñamos que as alegacións difamatorias do señor Wood fosen verdade (supoñamos que fose capaz de sacar un informe contra ela do rexistro da policía de Antiga, ou un testemuño veraz dos seus irmáns colonos, vinte historias tan malas ou peores cá que insinúa), supoñamos que todas as súas alegacións fosen falsas ou mesmo que toda a súa conduta dende que entrou en observación fose unha cuestión de mera hipocrisía, supoñamos todo isto, e deixemos que a muller sexa tan negra en carácter como en complexión<sup>21</sup>, isto non afectaría os feitos principais, que son os seguintes:

1- O señor Wood, ao non atreverse en Inglaterra a castigar a esta muller de xeito arbitrario como fixera nas Indias Occidentais, botouna da casa e deixoulle nada máis a única alternativa de regresar inmediatamente a Antiga coa certeza dun trato severo alá ou someterse en silencio ao que se consideraba un trato intolerable no seu fogar.

2-Dende este momento persistiu obstinadamente en rexeitar a súa manumisión para permitirlle regresar á súa casa libremente, mesmo se se lle ofreceu varias veces unha compensación ampla polo seu valor como escrava, e todo isto con pretextos frívolos pero en realidade e tampouco de xeito sutil co obxecto de “castigala” por deixar o seu servizo en Inglaterra, mesmo se el mesmo dicía que lle ía dar tal opción. Estes feitos incuestionables xa falan por si mesmos<sup>22</sup>.

---

<sup>21</sup> Mesmo se isto fose certo, non podería pedir comprensión a pobre muller aducindo que os amos non se preocuparan de impartirlle unha instrución relixiosa ou disciplina moral e que se vira baixo a habitual influencia do seu malvado “exemplo” (por dicir o mínimo) que presenciou a diario? Que moralidade puido ter aprendido, que maldades da moral puido ter evitado mentres estivo baixo o control de amos tales como os descritos por ela, o Capitán I---- e o señor D---- da illa de Turcos? Considerando todo isto, resulta abraiante que sexa como é. Pero tal e como ela o expresou de xeito tan piadoso “o Deus que daquela ela non coñecía reservouna para mellores cousas”.

<sup>22</sup> Dende que se imprimiron as páxinas precedentes, tiven o pracer de comunicarme co Rev. J. Curtin, a quen, xunto con outras persoas coñecidas do señor Wood neste país se lles enviaron as follas completas deste panfleto para que as inspeccionasen. O señor Curtin corrixe algunhas omisións e inexactitudes da narración de Mary Prince (véxase páxina 17), ao dicir que 1. Foi bautizada non en agosto

O caso presenta unha imaxe do máis instrutivo sobre o espírito verdadeiro do sistema escravista e das pretensións que os escravistas pretenden aseverar, non simplemente coas súas reclamacións do “dereito adquirido” sobre o traballo dos seus escravos, senón coa reclamación deles como unha indefendible propiedade, como os seus “bens absolutos”. Este caso fornécenos un exemplo práctico singular sobre as aseveracións da xente das Indias Occidentais sobre que o interese propio é xustificación suficiente para consentir sentimentos de vinganza dun amo, pois velaquí temos o caso dun home (un home “respectable” e “benevolente” como defenderían as súas amizades) que prefire perder totalmente o valor monetario total dunha escrava pola mera satisfacción de evitar

---

senón o 6 de abril de 1817; 2. Que un tempo antes do seu bautismo, trouxo unha nota do seu amo, o señor Wood, que recomendaba a súa instrución relixiosa, etc.; 3. Que non é unha práctica fóra do corrente que cando unha persoa adulta escrava vén á escola en días de semana, que precise permiso do amo para asistir, pero que os domingos a capela está aberta a todo o mundo sen discriminación. Mary, despois dunha entrevista persoal co señor Curtin e despois de oír a súa carta lida por min, aínda mantén que a nota do señor Wood recomendaba só o seu bautismo e que ela nunca recibiu ningunha instrución relixiosa nin do señor nin da señora Wood ou de ninguén máis neste período á parte do que ela conta na súa narración. En canto a que non a admitisen no catecismo sen permiso dos seus amos, ela admite que pode que confundise o que lle dixera o crego nese sentido, pero di que esa foi certamente a súa impresión naquel momento e que foi a razón real de que non asistise.

O señor Curtin atopou nos seus libros algunha referencia á relación de Mary co Capitán ---- (o home, creo eu, mencionado polo señor Phillips na páxina 32), pero establece que sempre que foi á capela ía vestida de xeito decente e axeitado e que lle parecía que tiña a confianza da familia da súa ama.

O señor Curtin non ofrece máis comentarios sobre outras declaracións de Mary, pero fala de xeito moi favorable, aínda que xeral, sobre a respectabilidade do señor Wood, a quen coñeceu durante moitos anos en Antiga e da señora Wood, aínda que persoalmente non a coñeceu pero que oíu “falar dela a persoas que a coñecían como unha muller de modais moi finos e afables”.

Outra amiga do señor e a señora Wood, unha dama que fora a súa convidada en Antiga e Inglaterra alega que Mary deu unha imaxe nada verídica deles na súa narración e di que “dá fe de que son a xente máis benévola e de mellor corazón que hai”. Porén, reclinou enviarme calquera corrección por escrito desa mala imaxe da que se queixa, mesmo se lle ofrecín inserir a súa testemuña en defensa das súas amizades, se mo enviaba a tempo. E despois de atrasar a publicación dúas semanas agardando algunha comunicación deste tipo, non o atraso máis. Quen non falou cando puido non pode logo queixarse.

Do carácter xeral do señor e da señora Wood non quero proporcionar intencionadamente unha impresión “inxusta”. Sen adoptar implicitamente a visión “ex parte” de Mary Prince nin os encomios sen límite das súas amizades, véxome inclinado a consideralos, en xeral, representantes xustos e se cadra favorables do carácter colonial. Clasifiquémolos, se así quixermos, no tipo máis elevado e benévolo de amo de escravos, e non teñamos en conta nada máis; xulguemos a conduta do señor Wood neste asunto unicamente polos feitos que se poidan establecer firmemente, e pola súa presentación do caso na carta ao señor Taylor. Pero daquela, pregunto eu, se o mellor e máis leve dos nosos amos de escravos pode actuar como se demostra que actuou o señor Wood, que se pode agardar daquelas persoas das que ninguén defendería a súa afabilidade, ou imparcialidade, ou caridade? Se estas cousas se fan coa árbore verde, que non se fará coa seca? E que máis pode ser esta Escravitude Colonial, mesmo no mellor dos estados, senón un sistema incurable de maldade e barbarie? Non preciso dato máis ningún, non teño que engadir ningún comentario máis.

que unha pobre muller negra poida volver á casa co seu home! Tampouco creo que vaia mellorar moito a inconsistente postura do señor Wood argumentar como motivo adicional o pracer de frustrar os desexos benévolos da Sociedade contra a Escravitude na defensa dos desvalidos negros.

\* \* \* \* \*

Permítanme aquí engadir unhas cantas palabras en canto a unha parte anterior da narración de Mary Prince. Os feitos que alá se presentan deben descansar totalmente (dado que non temos outra evidencia adicional) no probable de xeito intrínseco e na confianza á que quen lea se vexa en disposición de conceder, despois de ler as páxinas anteriores, para asignarlles a súa veracidade. Ao meu xuízo, a proba interna da verdade da súa narración aparece de xeito especialmente forte. As circunstancias nárnanse nun ton de sinceridade natural e case sempre están acompañadas de detalles pequenos e característicos que deben, estou convencido, levar con eles a convicción para toda mente inocente de que esta muller negra viu, sentiu e sufriu todo o que se narra de xeito tan impresionante e que a imaxe que dá da escravitude nas Indias Occidentais é tan certa como repugnante.

Pero pode haber certas persoas ás que lles caia nas mans este tratado que teñan tan pouco coñecemento do carácter real da escravitude como para abraiarse cunha incredulidade parcial, cando non absoluta, polos actos de opresión inhumana e brutal relatados sobre o Capt. I---- e a súa muller, e sobre o señor D----, o fabricante de sal da Illa de Turcos. Aí, polo menos, estas persoas deberían pensar, que debe haber “algunha” esaxeración; os feitos son tan abraiantes para podelos crer. Os feitos son abofé abraiantes pero por desgraza non menos cribles por isto. A escravitude é unha maldición para o opresor case tanto como para quen é oprimido, a súa tendencia natural é brutalizar a ambas partes. Despois de eu mesmo residir durante seis anos nunha colonia onde se permite a escravitude, estou mesmo inclinado a dubidar se, como corresponde á súa influencia “desmoralizadora”, o amo non é máis obxecto de compaixón que o escravo. Permítanme aqueles que se vexan en situación de dubidar das atrocidades narradas neste texto, da testemuña de quen sufriu, que lles pida que examinen os detalles dos moitos casos de similar barbaridade que chegaron ao público con probas

irrefutables. Ademais dos informes do Fiscal de Berbice<sup>23</sup>, e os horrores de Mauricio que se desvelaron hai pouco<sup>24</sup> permítanme considerar o caso do señor e a señora Moss, das Bahamas, e a súa escrava Kate, con xustiza denunciados ante o Secretario das Colonias;<sup>25</sup> os casos de Eleanor Mead,<sup>26</sup> de Henry Williams,<sup>27</sup> e do Rev. señor Bridges e Kitty Hylton,<sup>28</sup> en Xamaica. Estes casos en si mesmos xa son abondos para demostrar a inevitable tendencia da escravitude, tal e como existe nas nosas colonias, a brutalizar o amo ata un nivel aterrador, un nivel que botaría sombra mesmo sobre as atrocidades relatadas na narración de Mary Prince; e que abondan para demostrar, independentemente de todas as demais probas, que os feitos sexan aterradores non mina a súa credibilidade. Máis ben ao contrario, feitos semellantes son neste momento un acontecemento frecuente en case todas e cada unha das colonias de escravos. O sistema de traballo coercitivo pode variar en diferentes lugares, pode ser máis destrutivo da vida humana nos cultivos de cana de Mauricio e Xamaica, que o vínculo predial e doméstico das Bermudas ou das Bahamas... pero o espírito e o carácter da escravitude son os mesmos en todas partes e non poden deixar de producir efectos semellantes. Onde prevaleza a escravitude, haberá inevitablemente crueldade e opresión. Sen dúbida podemos atopar entre escravistas a persoas que manteñen unha disposición caritativa e afable e tolerante cara aos seus dependentes negros, pero mesmo no caso de darse tal feliz circunstancia, como a da primeira ama de Mary, a bondadosa señora Williams, esta condición segue sendo precaria, ademais de pouco frecuente: en todo momento está a mercé dos acontecementos e descansa nunha circunstancia tan proverbialmente incerta como a prosperidade humana ou a vida humana. Tales exemplos, como unha feble e escintilante raiola de luz nunha imaxe escura, só serven por contraste para poñer de manifesto a prevalencia das sombras existentes. Como outras excepcións, só confirman a regra: a tendencia incuestionable do sistema é a de viciar os mellores caracteres e endurecer os corazóns máis sensibles. “Nunca sexa amable, nin lle fale con amabilidade a un escravo”, díxolle unha dona inglesa encoira de Sudáfrica á miña muller: “Eu hai tempo”, engadiu, “que teño escravas e descubrín pola experiencia vexatoria da miña propia casa que só a dureza e o desprezo conseguen controlar os escravos”.

---

<sup>23</sup> Véxase o *Anti-Slavery Reporter*, nº 5 e 16.

<sup>24</sup> *Ibid*, nº 44

<sup>25</sup> *Ibid* nº 47

<sup>26</sup> *Ibid*, nº 64, p. 34; nº 71, p. 481

<sup>27</sup> *Ibid*, nº 65, p. 356; nº 69, p. 431

<sup>28</sup> *Anti-Slavery Reporter*, nº 66, 69 e 76



Podería se cadra ilustrar de xeito acaído este punto de maneira máis completa comentando moitos casos que foron da miña propia observación ou que se me fixeron saber de fontes fidedignas en Cabo de Boa Esperanza, unha colonia onde a escravitude asume, pola aversión que se lle profesa, unha forma máis leve do que noutras dependencias do imperio onde existe. Podería amosar tamén información dos rexistros xudiciais da tal colonia, recibidos por min nestas últimas semanas, sobre casos pouco inferiores en barbarismo aos peores dos que me acabo de referir. Pero facelo levaríame demasiado lonxe do propósito inmediato deste escrito e estenderíao a unha lonxitude inconveniente. Polo tanto voume contentar con citar un pequeno parágrafo do excelente traballo do meu amigo o Dr. Walsh, titulado “Apuntamentos sobre o Brasil”, un traballo que, ademais doutros méritos, posúe o de ilustrar de forma viva o verdadeiro espírito da escravitude dos negros tal e como se presenta non só nese país senón en calquera lugar onde se permitiu abrir esta caixa de Pandora de miseria e delincuencia.

Que quen lea considere os seguintes comentarios e os compare cos feitos establecidos polo autor coas circunstancias narradas nas páxinas 6 e 7 da narración de Mary:

“Se polo tanto deixamos nun á parte o dano inflixido aos demais e simplemente consideramos o deterioro do sentimento e os principios que acontece en nós mesmos, non debería isto de ser abondo, e de feito, un argumento incontestable, para non permitir a escravitude?

Pode que o xeito exemplar en que o deber paterno se exercita no fogar faga das persoas os pais máis afectuosos e cariñosos, pero en canto marchan ao estranxeiro e entran en contacto co andazo da escravitude a súa propia natureza semella alterada e aquel mesmo pai vendeu, e aínda vende, a unha mai e as súas crianzas, con tan pouca consideración como se estivese vendendo unha cocha e a súa camada de ranchiños, e moitas veces faino dunha única vez e por xunto.

Este deterioro do sentimento é conspicuo en diferentes formas entre os brasileiros. De xeito natural son un pobo de disposición caritativa e de bo ánimo e non amosan tendencia á crueldade ou á severidade de ningún tipo. De feito, o xeito en que moitos deles tratan os seus escravos é unha proba disto, porque é un xeito amable e considerado. Pero a tendencia natural á crueldade e opresión do corazón humano

desenvólvese continuamente pola impunidade e a licenza incontrolada no que se exercitan. Nunca andei polas rúas de Río sen que algunhas casas non se me asemellasen unha cadea, onde os lamentos e berros de quen sufría e o son dos látigos e os azoutes do interior non me anunciaban que se estaba impondo un castigo corporal. Sempre que lle comentaba isto a algunha amizade contestábanme que a natureza humana refractaria do escravo facía necesario e que ningunha casa podía manexarse de xeito correcto a menos que se practicase. Mais este certamente non é o caso; castigo aplícase constantemente polo mero azar do barbarismo e non podía, non ousaría, ser inflixido aos máis pobres da sociedade a menos que fosen escravos e deste xeito quedasen fóra do alcance da caridade.

Xusto a carón da nosa casa había unha ocupada por un mecánico da que deseguido proviñan os berros e lamentos máis terribles. Entrei no taller un día e atopei que estaba ocupado por un talabarteiro que tiña dous rapaces negros traballando no seu negocio. Era un home roxo que semellaba un cadáver, cun aspecto escuro, e do seu coiro cortara un látigo coma un vergallo estilo ruso, do que termaba na man, e estaba no acto de exercitalo nun dos nenos espidos nunha sala interior: e esta era a causa dos laios e berros que oíamos cada día, e case todo o día.

Na parte de atrás da nosa casa había outra, ocupada por unha muller de mala fama, que adoitaba manter, polo xeral, varias escravas negras. Espertei cedo unha mañá cuns berros terribles e ao mirar pola ventá vin no patio de atrás da casa unha rapariga negra duns catorce anos, diante dela estaba de pé a ama, unha muller branca, cun pau longo na man. Estaba espida ata as enaugas e a camisa interior, que lle caera polo ombreiro esquerdo e tiña un peito ao aire. Levaba o pelo enguedellado e solto e todo encabuxamento fero e malévolo ficaba debuxado na súa cara. Ela, tamén, como a miña caseira de Governo [outro exemplo abraiante dos efectos “deshumanizantes” da escravitude] era a mesma representación da furia. Estaba batendo na pobre rapaza, que acurralara, e alá ficaba anicada suplicando compaixón. Non lle amosou ningunha senón que continuou baténdolle na cabeza e na cara co pau ata que cansou e a pobre vítima quedou cuberta de sangue. Esta escena renovábase cada mañá e os berros e laios das pobres xentes negras que padecían anunciaban que estaban sufrindo a penalización da escravitude, sendo obxectos nos que as paixóns irritables e malévolas da xente branca podían liberarse con impunidade, tampouco podía evitar deplorar fondamente o estado

da sociedade en que os personaxes máis viles dunha comunidade teñen permiso para exercer o poder máis descontrolado sobre a vida e a morte, sobre as nosas criaturas irmás máis inocentes e moito máis de estimar."--(Apuntamentos sobre o Brasil, vol. ii. p. 354-356.)

\* \* \* \* \*

En conclusión, se se me permite, comentarei que a historia de Mary Prince concorda perfectamente coa decisión de Lord Stowell no caso da escrava Grace e que agora resulta tan valiosa neste relato. Sexan cales sexan as opinións que manteñan algunhas das persoas que vaian ler este texto sobre a tan seria cuestión da abolición inmediata da escravitude colonial, nada pode ser máis repugnante aos sentimentos dos ingleses que tal sistema estendese a súa maligna influencia sobre este país. Mais así é o caso, cando un escravo chega a Inglaterra só posúe un certo nivel de liberdade permitida, que ha determinar un cambio de domicilio. Aínda que nacido suxeito británico e residente nas costas de Inglaterra, queda separado dos seus dereitos naturais máis prezados pola mesma alternativa triste de recuperalos a expensas da súa liberdade e a certeza dun tratamento severo. Certo é que ten a opción de regresar, pero é unha cruel broma chamarlle a isto unha elección voluntaria, se dese regreso depende o seu medio de vida e o seu reencontro con todas as cousas que fan da vida algo valioso. Aquí coñece “a dozura da liberdade”, para citar as palabras da desgraciada Mary Prince, pero se desexa regresar á súa familia, ou escapar do sufrimento e o abandono, e outros males dun clima que non lle acae á súa constitución e hábitos, debe abandonar o gozo desta liberdade adquirida de xeito tardío e novamente someterse ao poder arbitrario dun amo vingativo.

O caso de Mary Prince non é en absoluto singular, hai moitos semellantes que acontecen cada día: e mesmo se fose un caso singular, aínda así pediría a voces a implicación da lexislatura. En instancias deste tipo non se pode facer dano posible ao dono confirmándolle ao escravo a reasunción dos seus dereitos naturais. É o acto espontáneo do amo de tralo a este país, e sabe que cando o trae deixa de ser a súa propiedade e é, de feito, unha forma menor de trata de escravos liberalo deste xeito para “recapturalo” polas necesidades da súa condición ou convencelo polas razóns do corazón. Fóra de tecnicismos legais de calquera tipo, non existe unha diferenza real entre obrigar así ao retorno dun negro liberado e atrapar a un nativo libre de Inglaterra

na escravitude con esperanzas falsas de algo. O casuísta máis enxeñoso non podería indicar ningunha diferenza relevante entre os dous casos. A nosa liberdade da que tanto nos gabamos é un soño da imaxinación e non pode xa caracterizar o noso país se o seu baluarte pode virse abaixo por unha solicitude colonial específica. Sería boa cousa que o presente Goberno asumise nas súas funcións presentar un proxecto de lei á Lexislatura para asegurar que a liberdade que un escravo ou escrava conseguiu coa súa pasaxe aquí sexa perpetua e polo tanto declarar no sentido máis amplo da palabra (que é de feito o que durante moito tempo cremos e que agora está claro que non é así) **QUE NON PODEN EXISTIR ESCRAVAS NIN ESCRAVOS NAS COSTAS DE GRAN BRETAÑA.**